

# OS XENTILICIOS DE GALICIA

## E DOS OUTROS TERRITORIOS DE LINGUA E CULTURA GALEGAS

Xosé-Henrique Costas González

Universidade de Vigo



# **OS XENTILICIOS DE GALICIA**

Edita: Universidade de Vigo, 2016

© Área de normalización lingüística, Universidade de Vigo  
© Xosé-Henrique Costas González

Maquetación: Tórculo Comunicación Gráfica, S. A.

Depósito legal: C xxxx-2016  
ISBN: 978-84-xxxx-xxx-x

Non se permite a reprodución total ou parcial deste libro, nin a súa incorporación a un sistema informático, nin a súa transmisión en calquera forma ou por calquera medio, sexa éste electrónico, mecánico, por fotocopia, por grabación ou outros métodos, sen o permiso previo e por escrito do editor. A infracción dos dereitos mencionados pode ser constitutiva de delito contra a propiedade intelectual.

Impresión: Tórculo Comunicación Gráfica, S. A.  
Impreso en España/*Printed in Spain*

# **OS XENTILICIOS DE GALICIA**

## **E DOS OUTROS TERRITORIOS DE LINGUA E CULTURA GALEGAS**

**Xosé-Henrique Costas González**

Universidade de Vigo



A Paulo Cabral Pedreira, Eva Castro Figueiras  
e Cristina Rodríguez Ricart.

A Gonzalo Navaza, sabio compañeiro, polas atinadas suxestións.

Aos veciños de Porto, nas Portelas de Zamora, portexos  
eles e portexas elas, porque non queren ser *porteños*,  
como lles chama sempre a prensa de Zamora.





# Índice

Engarelón . . . . .	9
Introdución aos xentilicios en galego . . . . .	11
<b>1 Os sufixos que crean xentilicios . . . . .</b>	<b>17</b>
1.1 -és/-esa . . . . .	18
1.2 -án/-á ou -ao/-á . . . . .	20
1.3 -ego/-ega . . . . .	21
1.4 -iño/-iña (-ín/-ía e -ín/-iña) . . . . .	23
1.5 -eiro/-eira . . . . .	24
1.6 -exo/-exa . . . . .	26
1.7 Outros sufixos que crean xentilicios . . . . .	27
<b>2 Topónimos que funcionan como xentilicios . . . . .</b>	<b>29</b>
<b>3 Xentilicios das provincias, concellos e comarcas do territorio lingüístico galego . . . . .</b>	<b>31</b>
3.1 Asturias . . . . .	34
3.2 León . . . . .	36
3.3 Zamora . . . . .	38
3.4 Cáceres . . . . .	39
3.5 Galicia . . . . .	40



# Engarelón

Este libriño naceu dun cabreo prolongado no tempo. Cabreo por constatar como a diario na prensa de Galicia (en castelán) se deformaban e inventaban xentilicios sen criterio ningún, para moitos topónimos que non os tiñan; como se soterraban xentilicios populares con formas supostamente cultas ou solemnes que ao cabo derivaban en evidentes castelanizacións; e, sobre todo, por constatar como ninguén cuestionaba estes inventos ou castelanizacións e mesmo a prensa en galego acababa por copiar os inventos castelanizantes.

Desde 1983 a toponimia galega ten como forma única e oficial a forma galega, pero os xentilicios, formas léxicas derivadas dos topónimos, ben da forma etimolóxica, ben da forma popular actual, non tiveron guía ningunha para a súa formación. Secasí, desde a prensa e algunhas publicacións en papel ou virtuais empezaron a se popularizar novas formas xentílicas aberrantes, normalmente porque a xente do común tampouco coñecía outras, pois moi poucos topónimos tiñan un xentilicio correspondente.

Xa que logo, nace este manual para orientarnos a formación de xentilicios, para desenmascaramos tanto castelanismo disfrazado de cultismo (que no fondo son o mesmo: desgaleguización) e para tratarmos de establecer unhas normas de creación de xentilicios e unhas formas non condicionadas por orientacións foráneas.

Somos conscientes de que moitas das nosas propostas son arriscadas, mesmo ousadas, pero fixémoslas desde o coñecemento do noso idioma. Se outros, sen coñecemento ningún, inventaron para adiante xentilicios como *buenense*, *forcaricense*, *amiense*, *lorentina*, *trasalbino*, *sabiñádigo*, *veigueño*, *entrimeña*, etc., nosoutros, con máis razón, poderemos demostrar que moitas destas formas son disparatadas e que no seu lugar outras son as formas que lle cómpren ao noso idioma.

Para remate, como sempre entendemos que a nación galega é todo o territorio onde a lingua e a cultura auctóctonas son as galegas, independentemente das raias nos mapas que trazaron os caprichos dalgúns políticos, sobardamos neste pequeno estudo os lindeiros artificiais da

comunidade autónoma de Galicia para abranguer todos os territorios onde o galego é tan natural coma a herba nos prados, porque naceu e se criou alí. Deste xeito, tratamos dos xentilicios galegos de Galicia e lingüisticamente galegos de Asturias, León, Zamora e Cáceres. Por iso empregamos unha palabra do galego de Cáceres para abrir este libro: *engarelón*, a cancela de entrada aos eixidos ou aos xardíns das casas. Abride o engarelón e pasade, estades na casa da lingua, lede e reflexionade, porque no mundo da lingua tampouco non hai nada inocente nin casual, nin sequera a invención ou a suplantación dun xentilicio.

Xosé-Henrique Costas González  
Mantelas-Freixeiro, xaneiro de 2016

# Introdución aos xentilicios en galego

Un xentilicio é un substantivo ou un adxectivo formado cun sufixo sobre un topónimo e designa o lugar de orixe dunha persoa: Lugo > *lugués*, Betanzos > *betanceira*, Cervantes > *cervantega*, Ortigueira > *ortigueirés*, Viveiro > *viveiresa*, Maside > *masidao*, Mazaricos > *mazaricán*, Navia > *naviega*, As Nogais > *nogalego*, Foz > *focega*, Mondariz > *mondarizán*, Cartelle > *cartellao*, etc. No presente traballo pretendemos ofrecer unha listaxe dos xentilicios correspondentes a topónimos galegos dos concellos e comarcas de Galicia e mais dos territorios exteriores de lingua e cultura galegas e, asemade, achegar os mecanismos de formación de xentilicios para os topónimos que carezan deles.

En Galicia, segundo o art.10 da Lei de Normalización Lingüística de 1983, lei aprobada por unanimidade de todos os partidos políticos, os topónimos teñen como forma única e oficial (*sic*) a forma galega: *Sanxenxo*, *A Coruña*, *Vilagarcía da Arousa*, *O Barco de Valdeorras*, *O Carballiño*, *Ourense*, *Baiona*, *Panxón*, *Viveiro*, *Valadares*, *A Caniza*, etc. Para os territorios de lingua e cultura galegas exteriores á comunidade autónoma de Galicia rexe o art. 10.2 g) da Parte II da *Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias* (2001) —texto que forma parte do bloque constitucional de leis españolas por ser un tratado internacional asinado e ratificado por España, e por tanto de obrigado cumprimento—, segundo o que España se comprometeu a validar legalmente<sup>1</sup> as formas de todos os topónimos en cadansúa lingua autóctona diferente do castelán, de xeito que é tamén totalmente legal o uso público e oficial de formas como *Eilao* (“Illano”, AS<sup>2</sup>), *A Veiga* (“Vegadeo”, AS), *As Ellas* (“Eljas”, CC), *A Teixeira* (“La Tejera” - Hermisende, ZA), *Valboa* (“Balboa”, LE), *Vilafranca* (“Vi-

<sup>1</sup> España comprometeuse por este artigo ao “emprego ou a adopción, no seu caso conxuntamente coa denominación na lingua oficial, das formas tradicionais e correctas da toponimia nas linguas rexionais ou minoritarias”.

<sup>2</sup> Ao longo deste traballo indicaremos con AS os topónimos que son da terra Eo-Navia de Asturias; os bercianos e cabreireses de León con LE; os portelaos e xabreses de Zamora con ZA; e, por último, os valeses de Cáceres con CC.

llafranca del Bierzo”, LE), *Vilanova de Ozcós* (“Villanueva de Oscos”, AS), *Santalla de Ozcós* (“Santa Eulalia de Oscos”, AS), *Barxas* (“Barjas”-Pías, LE), *Perexe* (“Pereje”-Trabadelo, LE), *Xarrio* (“Jarrio”-Coaña, AS), *Pesoz* (“Pezós”, AS), *Os Chous* (“Chanos”-Lubián, ZA), *Vilar de Aceiro* (“Villar de Acero”-Vilafranca, LE), *Canteixeira* (“Canteixeira”-Vilafranca, LE), *A Veigueliña* (“Veguellina”-Vilafranca, LE), etc.

Existen dúas formas de construír un novo xentilicio: ben sobre a forma actual do topónimo, amecéndolle un sufixo *-és/a*, *-ao/á*, *-an/á*, *-ego/a*, *-eiro/a*, *-exo/a*, *-iño/a*, *-olo/a*, *-elo/a*, etc., ou ben -en ocasións excepcionais-, sobre a forma etimolóxica do topónimo pero engadíndolle un sufixo culto ou latino *-ense* ou *-ino/a*<sup>3</sup>: LUCUS (Lugo) > *lucense*, URTICARIA (Ortigueira) > *urticariense*, VIVARIU (Viveiro) > *vivariense*, RIPARIA (Sta. Uxía de Ribeira, Ribeira de Piquín) > *ripariense*, MINDONIUM (Mondoñedo) > *mindoniense*, TUDE (Tui) > *tudense*, etc. Porén, no último século houbo unha tendencia moi acusada a inventar xentilicios con sufixos latinos sobre a forma actual do topónimo, non sobre o étimo; deste xeito, creáronse os *lalinense*, *dodrense*, *estrادense*, *mosense*, *ribadense*, *teense*, etc.<sup>4</sup>

A meirande parte dos máis de corenta mil topónimos de lugares habitados que existen no territorio lingüístico galego nunca tiveron un xentilicio correspondente e si, en troques, teñen ou poden ter alcumes

<sup>3</sup> Insistimos en que estes sufixos cultos sería recomendable que só se aplicasen sobre a forma etimolóxica ou étimo do topónimo; pero, alén disto, desaconsellamos expresamente o sufixo *-ino/a* porque, aplicado ao topónimo actual e non ao étimo do topónimo, presenta un resultado con forma de castelanismos evidente: *sanxenxino*, *begontino*, *chantadino* (por *sanxenxeiro*, *begontés* e *chantadés*); para ben ser, por exemplo, as formas “cultas” destes topónimos deberían ser *sanxinesino* (do étimo SANCTU GINESIU), *bicontino* (do étimo VICONTIU) e *plantatino* (do étimo PLANTATA), pero ningún xornalista nin cronista local deu aínda en “inventar” correctamente estes xentilicios.

<sup>4</sup> Cando a RAG anunciou que o Día das Letras Galegas 2016 se lle outorgaba ao poeta chairego Manuel María (chairego da chaira por antonomasia, da Terra Cha de Lugo), no *Faro de Vigo* deron a noticia de que se lle concedera o Día das Letras ao poeta “chairenses” (*sic*) Manuel María. E todo por introduciren unha forma erudita e elevada en *-ense* e/ou evitaren o sufixo *-ego/a* que seica pode resultar moi galego, cando tamén é castelán e asturleonés (*manchego*, *peraliego*, etc.). Para ben utilizar o sufixo *-ense*, a xornalista que redactou a noticia debería recorrer ao étimo de chaira, PLANARIA, e escribir logo correctamente “o poeta planariense Manuel María”, pero resultaría totalmente afectado, rococó, pedante e ridículo, case tanto coma “chairenses”.

colectivos ou ditados tópicos de xorne festivo, humorístico ou pexorativo. A orixe dunha persoa de Labañou, de Oencia, de Luou, de Sanxillao, de Teis ou de Baños de Molgas indícase normalmente coa preposición *de* máis o topónimo correspondente<sup>5</sup> ou, se cadra, con algún(s) alcume(s) colectivo(s) ou ditado(s) tópico(s); por exemplo, *lilainos* son os da vila de Sanxenxo, *carroucheiros* de Luou-Teo, *pescos* de Malpica e Muros, *tarraceiros* os de Guntín, *cabezallas*, *lobos* e *picagrás* os de Vilar de Donas-Palas de Rei, etc.

Que moitos topónimos non teñan un xentilicio coñecido correspondente formado sobre eles non quere dicir que non poidamos botar man dun sufixo habitual na formación de xentilicios e non poidamos crear ou formar ese xentilicio sobre o topónimo e que co tempo se chegue a popularizar. A lingua pode crear, pode componse, pode inventar, e os sufixos están aí para axudaren a formar palabras novas. Cal é o xentilicio da recente fusión entre os concellos de Oza dos Ríos e Cesuras? Aínda ninguén se atreveu a “crealo”, pero se a Oza lle inventaran *ocense* e de Cesuras era *cesurán*, cal será o xentilicio resultante dos dous? \**ozacesurán*, \**ozacesurense*, \**ocesurán*? Dos tres posiblemente sería mellor este terceiro para evitarmos cacofonías zarabeteantes, pero non aínda hai nada escrito

<sup>5</sup> En troques, si son moitos os “ditados tópicos”, é dicir, os pseudoxentilicios ou alcumes colectivos que reciben as persoas orixinarias ou a veciñanza dun determinado lugar: *picheiros* (composteláns), *paraugueiros* (ourensáns), *zoqueiros* (porriñeses), *micos* (baioneses), *bandulleiros* (de Panxón-Nigrán), *chocarelos* (de Camponaraia-León), *pixíns* (cedeireses), *zamarreiros* (dos Chous-Lubián), *cascarilleiros* (coruñeses da cidade da Coruña), *portugueses* (vigueses), etc. Son alcumes colectivos de xorne humorístico ou despectivo e un mesmo lugar ben poderá non ter xentilicio “formal” pero fixo que terá un ou varios ditados tópicos. Entre os ditados tópicos predominan os alcumes colectivos de oficios (*telleiros*, *oleiros*, *zapateiros*, *cesteiros*, *pescos*, *albardeiros*, *forneiros*...), os referidos a produtos do campo (*pataqueiros*, *repoleiros*, *pimenteiros*, *nabeiros*...), a nomes de animais (*merlos*, *tabáns*, *cucos*, *carrizos*, *corvos*, *coellos*, *cuquelos*, *raposos*, *lobos*, *gatos*, *lagartos*, *mouchos*...) ou alcumes relativos ao emprazamento ou característica da localidade (*aneboados*, *montañeses*, *ribeiraos*, *coutarelos*, *afumados*...). Hai ditados tópicos que se repiten para diversas localidades; así, por exemplo, *carroucheiros* son os da Alvariza-Noia, Villestro-Santiago e Luou-Teo; *guímaros* son os de Ois-Coirós, Tuimil-Bóveda, Pobra do Brollón e Guímara-Peranzais-LE; *cunqueiros* son os de Guntín-Bóveda e Degaña-AS; *carabuñeiros* son os de Teo-Teo, Ponte Ulla-Vedra e Cela-Mos, etc. Para vermos algúns ditados tópicos do territorio lingüístico galego das provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra véxase <<http://ilg.usc.es/ditados/>>, e para algúns ditados tópicos do territorio lingüístico galego de Asturias véxase <<http://www.unioviado.es/dgpeasturies/>>.

nin prescrito por ninguén. Por desgraza aconteceu durante os últimos decenios que, a falta dunhas directrices académicas claras, algunhas persoas con acceso ao mundo da letra escrita e difundida deron en inventar disparates castelanizantes de novos xentilicios galegos, inventos que están chegando a se popularizar mercé ao enorme poder diariamente percutor e indutor dos medios de comunicación e do mundo escolar.

Así é, nos últimos sesenta anos estendeuse a moda de crear ou formar xentilicios para todo canto topónimo chegase a ser mediaticamente relevante (e a inmensa maioría dos topónimos municipais xa o foron desde a creación de delegacións xornalísticas comarcais) e, deste xeito, algúns correspondentes locais de prensa ou certos cronistas locais principaron unha carreira de invencións lingüísticas que abalaron entre o delirante castelanismo artificial (*santirseño, entrimeña, chantadino, cruceño, rosalino, ortegano, gondomareño, pederreños, louzarino, gonzareño, trasalbeño ou trasalbino, sanxenxino, arcondeño, saviñádigo, baredano, transmireño*)<sup>6</sup> e o solemne pseudocultismo estafalarario (*buenense, forcaricense, lorentino, nicraniense, xupiterino, fisterrino, camposino, hionense, amiense, banduense, soberino, vilardeixe, alaricano*<sup>7</sup>, etc.).

Moitos destes inventos estraños e asemade alleadores naceron do descoñecemento e ignorancia dos xentilicios propios por parte dos “inventadores” (*buroego, carbiés, rosaleiro, ortigueirés, chantadés, valego, santiseiro, portexo...*)<sup>8</sup> pero noutros casos foi evidente e manifesto o seu intento por agocharen a existencia dun xentilicio galego e propiciaren así a súa substitución pública e paulatina por formas de fasquías castelás ou requintadamente pomposas e eruditas (*fonsagradino, cruceño, rosalino, ortegano, chantadino, lorentino, santirseño, porteño...*), ben por prexuízo galegofóbico, ben por exacerbado prurito cultista.

<sup>6</sup> Correspondentes a Santiso de Abres-AS, Entrimo, Chantada, Vila de Cruces, O Rosal, Ortigueira, Gondomar, Pedrafitas-O Corgo, Santalla de Lóuzara-Samos, Gonzar-O Pino, Trasalba-Amoeiro, Sanxenxo, Arcos da Condesa-Cuntis, O Saviñao, Baredo-Baiona e Trasmiras.

<sup>7</sup> Correspondentes a Bueu, Forcarei, Vilanova de Lourenzán, Nigrán, Xove, Fisteus-Curtis, Camposancos-A Guarda, O Hío-Cangas, Ames, Bande, Sober, Vilardevós e Allariz.

<sup>8</sup> Correspondentes á Fonsagrada (ao val de Burón en xeral), Vila de Cruces, O Rosal, Ortigueira, Chantada, Viilanova de Lourenzán, Santiso de Abres —AS e Porto— ZA.



No Portal dos Ditados Tópicos galegos<sup>9</sup> recóllese a información tirada das 1212 fichas das catro provincias da constitucionalmente denominada “nacionalidade histórica” de Galicia empregadas na redacción do *Diccionario geográfico popular de España* de Camilo José Cela, xunto con dúas ducias máis correspondentes a concellos galegofonos estremeiros. No decenio de 1960, C. J. Cela envioulles a todos os carteiros de España un cuestionario para recolleren os xentilicios, pseudoxentilicios e cantigas relacionadas con eles en todas as parroquias e pedanías posibles. Algúns carteiros daquela época recolleron o que puideron e como puideron, pero tamén os houbo que claramente inventaron xentilicios ou inxenuamente reproduciron os castelanizantes inventos mediáticos e creacións de particulares, non colectivas. Vexamos tres exemplos tirados desas fichas dos carteiros:

O carteiro de Gonzar-O Pino (A Coruña) deixa na súa ficha unha curiosa anotación: “*si los vecinos de un lugar se llaman ‘lugareños’, los de Gonzar serán ‘gonzareños’*”. O carteiro da Veiga de Ribadeo (Asturias) fai constar na súa que “*el académico Don Armando Cotarelo Valledor, natural de la localidad de Vegadeo, llamada anteriormente Vega de Ribadeo, prefiere el nombre de veigueños...*”. E o de Baiona, verbo da parroquia de Baredo, escribe á man na súa ficha que: “*son ‘baredanos o baredenses’, como son conocidos por la prensa local o regional*”.

Con isto queremos sobrancear que no último medio século inzaron coma silveiras os **-eños**, **-inos** **-enses** e **-anos** nos xentilicios inventados pola prensa local da época (e de agora) e por estudiosos ou cronistas locais daquela e de agora. Tan recentes son estes inventos que mesmo sabemos a maioría dos nomes dos seus inventores<sup>10</sup>. Deste xeito, sen criterio nin-

<sup>9</sup> <<http://ilg.usc.es/ditados/>> [último acceso o 12 de xaneiro de 2016].

<sup>10</sup> Por exemplo, o estudoso local (e exconcelleiro de Cultura) Francisco Rozados “Rochi” encargouse de inventar e consolidar o xentilicio *forcaricense* para Forcarei, unha aberración porque *forcaricense* remite a un inexistente \*Forcariz, non a Forcarei. O étimo de Forcarei é FULCAREDI, polo que de se crear algo culto debería ser \**fulcaredense*, \**fulcaredano* ou \**fulcaredino*. O xornalista Suso Varela inventou nas páxinas de *La Voz de Galicia* o xentilicio *ancarino* para o que histórica e popularmente foi sempre *ancarés*. A xornalista Eva González inventou nas páxinas do *Faro de Vigo* o inexplicable *salcedienses* para os de Salceda (sería *salicetenses*, do étimo SALICETA, se non fose porque existen popularmente as formas *salcedán* e *caseleiro*, de Salceda de Caselas). E aínda outro exemplo máis: o cronista ourensán Alfredo Cid Rumbao inventou o xentilicio *alaricano* para Allariz, cando isto non ten base ningunha, nin lingüística nin historicamente;

gún nin respecto ningún pola toponimia e pola historia da lingua galega, continúan aínda hoxe a crearse e difundirse deturpacións e choqueiradas innecesarias que cumpriría corrixir e deter urxentemente para evitarmos que se consoliden e logo sexa case imposible corrixilas ou erradicalas.

Mentres agardamos por unhas directrices claras da Asociación Galega de Onomástica (AGOn) e do Seminario de Onomástica da Real Academia Galega, saltamos á area con este libriño e con el pretendemos expor os principais xentilicios de todo o territorio lingüístico galego (os referentes a concellos, comarcas e provincias), xunto cunha serie de normas simples de derivación a partir da nosa propia lingua, e reflexionar sobre os xentilicios “novos” que lemos e escoitamos a cotío sen criterio lingüístico en publicacións e medios de comunicación.

O éxito dunha nova proposta xentílica depende máis da súa difusión ca da súa corrección ou eufonía, por iso a loita contra o disparate castelanzante debe ser unha grande empresa colectiva de restauración, reposición, rehabilitación ou correcta formación dos xentilicios, esa parte tan especial da nosa onomástica patrimonial. Se levamos 30 anos traballando pola restauración da toponimia, fagamos o mesmo coas palabras derivadas dos nosos topónimos, cos xentilicios.

---

o étimo ALARICI dá en galego *Ariz* ou *Aríns*, non *Allariz*, pois este topónimo ourensán ten outra orixe distinta, posiblemente \*ALIARICI, co que o étimo culto sería \**aliaricense* ou \**aliaricano*, non *allaricense*.

# 1 Os sufixos que crean xentilicios

En galego, como en calquera outra lingua románica, os procesos de creación de novas palabras teñen lugar normalmente mediante a engádegas de prefixos e sufixos a unha palabra base. Algúns topónimos xa son de seu xentilicios históricos ou teñen fasquía de xentilicio, pois o propio topónimo con flexión gramatical de xénero funciona perfectamente como xentilicio. Estamos a nos referir, por exemplo, a *sarreau/sarreá* (de Sarreaus, topónimo que se refire a xente procedente de Sarria), *saviñao/saviñá* (do Saviñao), *fornelo/fornela* (Val da Fornela-Peranzais-León), *ramaloso-ramalosa* (da Ramallosa-Teo), *folgueiro-folgueira* (do Folgueiro-O Vicedo), etc. Mais o normal e o esperable é que os xentilicios galegos se creen amecendo os seguintes sufixos:

Sufixos populares <sup>11</sup>	Sufixos cultos
-és/-esa: valdeorrés, valdeorresa (Valdeorras, O Barco)	-ense: boirense (Boiro)
-án/-á: mazaricán, mazaricá (Mazaricos) -ao/-á: cartellao, cartellá (Cartelle)	-ano/-ana: miñorano/a <sup>12</sup> (Val Miñor)
-ego/-ega: naviego, naviega (Navia de Suarna e Navia, AS)	
-eiro/-eira: rosaleiro, rosaleira (O Rosal)	
-iño/-iña: troncosiño, troncosiña (Mondariz) -ín/-ía: franquín, franquía (El Franco-AS) -ín/-iña: vilafranquín, vilafranquiña (Vilafranca-LE)	-ino/-ina: monterrosino/a (Monterroso)
-exo/-exa: portexo/portexa (Porto-ZA)	

### Outros sufixos populares

-olo/-ola:	naraiolo/a (Naraiola-LE)
-oco/-oca:	barroco/a (Barro)
-oso/-osa:	camposo/a (Campos-Tapia-AS)
-ello/-ella:	vilarello/a (Vilar-Nogueira de Ramuín)
-allo/-alla:	corneallo/a (Córneas-Baleira)
-acho/-acha:	loiracho/a (Loira-Valdoviño)
-ancho/-ancha:	vilancho/a (Cedeira)
-elo/-ela:	requeixelo/a (Requeixo-ZA)
-ote/-ota:	combote/a (Rodeiro)
-oto/-ota:	miñoto/a (ribeiras do Miño)
-ento/-enta:	soneirento/a (terra de Soneira)
-engo/-enga:	vilarengo (Vilar-Mondariz)
-udo/-uda:	grañudo/a (A Graña-O Covelo)
-ouco/-ouca:	palouco/a (Palio-Rodís-Lalín)

#### 1.1. -és/-esa

É o sufixo máis habitual e común, procede do sufixo latino **-ENSE**; o normal sería que o xentilicio con **-és/-esa** se formase sobre o topónimo actual e, de maneira culta e erudita, tamén se puidese formar un xentilicio culto con **-ense**, pero debería ser sempre sobre o étimo do topónimo e non sobre o topónimo actual, como se adoita facer por descoñecemento do étimo; así, Eume > *eumés*, Trives > *trivés*, O Carballiño > *carballiñés*, Valdeorras > *valdeorrés*, Lubián (ZA) > *lubianés*, Punxín > *punxinés*, A Bola > *bolés*, Taramundi (AS) > *taramundés*, Boal (AS) > *boalés*, Cambre > *cambrés*, Cariño > *cariñés*, A Rúa > *rués*, Vigo > *vigués*, Lugo > *lugués*, Negreira > *negreirés*, etc.

Sempre poderemos crear un xentilicio culto de Vigo —por exemplo—, porque sabemos o seu étimo, VICUS, e del saíría algo así como *\*vicense*, do mesmo xeito que de VIVARIU sae *vivariense* como xentilicio culto e *viveirés* como xentilicio popular, ou de LUCUS saen *lucense* e *lugués*, etc. Pero se non sabemos o étimo —e en boa parte dos topónimos actuais dificilmente o saberemos—, o máis prudente sería evitar inventar xentilicios con **-ense**, porque non é recomendable empregar o sufixo **-ense** cunha forma actual do topónimo: *\*viguense*, *\*luguense*, *\*ortigueirense*, *\*sobradense*, *\*barquense*, *\*cequeliñense*, etc., aínda que en teoría nada o

impida e lingüisticamente sexa posible<sup>11</sup>, a non ser que o novo xentilicio colida con xentilicios foráneos, por exemplo: *silense* non pode ser o xentilicio de Ribas de Sil porque xa é de Silos (Burgos), e *pacense* non podería ser o de Pazos de Borbén porque xa é —erroneamente—, de Badallouce ou Badajoz. En ocasións non coñecemos máis que un xentilicio culto en **-ense** formado sobre o étimo do topónimo: *mindoniense*, formado sobre MINDONIUM, Mondoñedo, posiblemente debido ao feito, neste caso, de ser unha histórica sé episcopal.

Porén, o que vén acontecendo nos últimos sesenta ou cen anos, tanto en galego coma en portugués ou castelán, é que ante o descoñecemento do étimo e a inexistencia dun xentilicio, para lle dar lustre e solemnidade a un xentilicio inventado e facelo coar como “cousa grave, histórica, elevada e respectable” todo o mundo se lanzou á moda do sufixo **-ense** sen importar o étimo: *abegondense*, *cercedense*, *alfocense*, *melidense*, *focense*, *montederrense*, *verinense*, *caldense*, *estrادense*, *forneleense*, *salvaterrense*, *soutomaiorense*, *grovense*, *mondaricense*, etc., nuns casos tratando de substituír xentilicios populares (*melidao*, *focego*, *verinés*, *mondarizán*, etc.) e noutros casos inventando mal un xentilicio onde non o había.

Por exemplo, se quixermos crear un xentilicio para A Estrada, ou sería *estrادés/estradesa* (popular) ou *estratense* (culto) pois o étimo é o latín STRATA, pero debemos recoñecer que a forma híbrida pseudoculta *estrادense* xa está moi introducida na sociedade. Isto foi debido a que no último século se crearon empresas ou establecementos públicos e se fundaron asociacións ou clubs culturais e deportivos co xentilicio culto e solemne en **-ense** (*estrادense* como *caldense*, *crecentense*, *arbense*, etc.) sobre a forma actual do topónimo, debido á facilidade de formación e a ampla difusión destas formas de xentilicios, polo que hoxe en día nalgúns casos resultaría moi difícil a (re)introdución e popularización dun xentilicio formado con calquera sufixo popular.

<sup>11</sup> En países lusófonos é moi habitual solemnizar a orixe coa creación de xentilicios cos sufixos hipercultos rematados en **-ense** ou **-ano** sobre o étimo do topónimo: *albicastrense* (de Castelo Branco), *valenciano* (de Valença do Minho), *fluminense* (do Río de Janeiro, para evitar o xentilicio popular “carioca”), *soteropolitano* (de Salvador de Bahía, traducida ao grego como soter + polis, “cidade do salvador”), *aquiflaviense* (Chaves, sobre o étimo AQUA FLAVIAE), etc. Todo moi solemne e distinguido.

De coñecermos a forma histórica e popular do xentilicio deberíamos tratar de restituíla (*focexo* e non *focense*, *barrés* e non *barrense*, *castrexo* e non *castrense*, *meisiño* e non *meisense*, etc.), se non coñecemos máis forma cá do invento pseudocultista non teremos máis remedio que usala (*dodrense*, *guitiricense*, etc.) ou, pola contra, propor ou ensaiar formas máis axeitadas cos sufixos apropiados; imaxinemos por exemplo: *dodrés*, *dodrán*, *dodrexo*, *dodreiro*, *guitiricego*, *guitiricés*, *guitirizao*, etc.

## 1.2. **-án/-á** OU **-ao/-á**

Derivados do sufixo latino **-ANU/-ANA** temos en galego os sufixos de distribución dialectal **-án/á** e **-ao/-á** que tamén son moi usados na creación de xentilicios: *courelao* (O Courel), *lancarao* (Láncara), *corgao* (O Corgo), *negueirao* (Negueira de Muñiz), *cartellao* (Cartelle), *caldelao* (Castro Caldelas), *queixalao* (Chandrexa de Queixa), *salcedao* (Salceda-A Pobra do Brollón), *partoviao* (Caldas de Partovia-O Carballiño), *camoirao* (Camoira-Lugo), *lazao* (Laza), *masidao* (Maside), *macedao* (Maceda), *peroxao* (A Peroxa), *carbiao* (Vila de Cruces), *arancedao* (Arancedo-El Franco-AS), *hedrosao* (Hedroso-Lubián-ZA), *refoxao* (Refoxo-Sober), *arnegao* (Arnego-Rodeiro), *ibiao* (Ibias-AS), *toirizao* (Toiriz-Ferreira de Pantón), *rodeirao* (Rodeiro), etc., nas zonas centrais e orientais do noso territorio lingüístico; e *ribeirán* (Sta. Uxía de Ribeira), *pontearéan* (Pontearreas), *fisterrán* (Fisterra), *muxián* (Muxía), *redondelán* (Redondela), *muradán* (Muros), *lousamán* (Lousame), *arteixán* (Arteixo), *amaián* (A Maía), *bergantiñán* (Bergantiños), *camariñán* (Camariñas), *carnotán* (Carnota), *cormelán* (Corme-Ponteceso), *lerezán* (Lérez-Pontevedra), *fiolledán* (Fiolledo-Salvaterra de Miño), *navián* (Navia-Vigo), *vilagarcián* (Vilagarciá da Arousa), etc., na zona occidental do noso territorio lingüístico. Algúns xentilicios centro-orientais de localidades importantes teñen a sufixación occidental: *ferrolán*, *arzuán*, *ourensán*, porque non é como se chaman os seus habitantes a si mesmos, senón como lles chaman os doutras localidades, neste caso dende as zonas occidentais, que ademais coincide coa forma estándar galega.

Por castelanismo ou por cultismo, algúns xentilicios galegos aparecen en ocasións co sufixo **-ano/-ana**; se é por castelanismo (*baredano*, *mondarizano*, *celeirano*, *laiosano*, etc.) debería ser sempre corrixido (*baredán*, *mondarizán*, *celeirao*, *laiosao*), pero se é por suposto cultismo (*miñorano*) teríamos que usalo así nun principio, aínda que tamén se podería crear

perfectamente a forma *miñorán* sobre o topónimo Miñor. O conflito xorde cando nos queren introducir un castelanismo como cultismo con **-ano/-ana**, polo que é preferible non formar xentilicios con este sufixo e usar no seu lugar as formas patrimoniais **-án/-á** ou **-ao/-á**. Outramente, o sufixo **-ano/-ana** si é abondo empregado correctamente con xentilicios de topónimos estranxeiros: *australiano*, *varsoviano*, *coreano*, *angolano*, *veneciano*, *americano*, *parmesano*, *mexicano*, *samoano*, *iraniano*, *canadiano*, *xeorxiano*<sup>12</sup>, *mozambicano*, etc. (agás as únicas excepcións de *turcomán-turcomá* e *afgán-afgá*).

Lembremos que o patrimonial e histórico no galego é o sufixo **-án/-á** (onde se di *irmán*, *chan*, *man*) ou **-ao/-á** (onde se di *irmao*, *chao*, *mao*), e que o **-ano/a** nos chega posteriormente por cultismo ou por castelanismo. Reparemos en que hoxe dicimos *asturiano*, *viseuense* ou *toledano* (de Asturias, Viseu ou Toledo), pero en Galicia temos topónimos de repoboación formados con xentilicios antigos como *Astureses*, *Esturáns*<sup>13</sup> (de Asturias), *Vixueses* (de Viseu) ou *Toldaos* (de Toledo) que nos remiten á formación de xentilicios en época medieval con **-án** (ou **-ao**<sup>14</sup>) e **-és**, non con **-ano/a** nin con **-ino/a** nin con **-ense**.

### 1.3. **-ego/-ega**

No cadrante nororiental e na franxa oriental do noso territorio lingüístico, norte de Lugo, terra Eo-Navia e Bierzo, pero tamén Valdeorras, As Portelas de Zamora e o Val do Ellas, son moi frecuentes os xentilicios formados

<sup>12</sup> Moita atención porque o xentilicio de Ucraína é *ucraíno*, *ucraína*.

<sup>13</sup> As asociacións de defensa do galego de Asturias (por exemplo Abertal del Eo Navia) chámanlle co histórico glotónimo *asturao* á principal lingua autóctona do Principado.

<sup>14</sup> Desde a época medieval, en todos os topónimos formados con xentilicios (topónimos de repoboadores) as terminacións habituais son: **-ao/-á** (ou **-an/-á**) e **-és/-esa**: *Sarreaus* (de Sarria, en Sarreaus); *Cumbraos* (de Coímbra, en Mesía, Monterroso e Sobrado dos Monxes, e como *Columbrianos* en Ponferrada-LE); *Toldaos* (do antigo reino de Toledo, en Láncara, Ferreira de Pantón, O Incio e Triacastela), *Esturáns* (de Asturias, en Vigo e *Esturãos* en Valpaços-Vila Real, Portugal), *Asmaus* (do val do río Asma, en Bande), *Bixueses* (de Viseu, en Maceda), *Coreses* (de Coria, en Zamora), *Astureses* (de Asturias, en Boborás), *Cambeses* (do val de Camba, en Lavadores-Vigo e Barcia do Seixo-A Lama, mais tamén en Barcelos e Monção, no Minho portugués), etc.

sobre o sufixo prerromano **-ECU/-ECA**: *buroego* (A Fonsagrada e A Pobra de Burón), *pacego* (Pacios-Baralla), *chairego* (Terra Cha, Castro de Ribeiras de Lea-Cospeito e Corvite-Abadín), *pallarego* (Guntín de Pallares), *meirego* (Meira), *nogalego* (As Nogais), *pastoricego* (A Pastoriza), *polego* (Pol), *ribeirego* (Ribeira de Piquín e San Martín de Lúa-Pol), *naviego* (Navia de Suarna, val de Navia e Navia-AS), *rinlego* (Rinlo-Ribadeo), *balsego* (Balsa-Triacastela), *ruego* (A Rúa Nova-Viveiro), *moleirego* (Moleiras-Ribeira de Piquín), *vilapeneo* (Vilapena-Trabada), *doniseo* (Donís-Cervantes), *pumarego* (Pumares-Carballeda de Valdeorras), *brulego* (Brul-Castropol-AS), *salavego* (Salave-Tapia de Casarego-AS), *borresego* (Borrés-LE), *paradelego* (Paradela-Corullón-LE), *dragontego* (Dragonte-Corullón-LE), *paradego* (Paradaseca-LE), *pontarego* (Ponte de Domingos Flórez-LE), *brañego* (A Braña-A Veiga de Valcarce-LE), *barxelego* (Barxelas-A Veiga de Valcarce-LE), *valverdego* (Valverde-Valboa-LE), *valego* (Vilanova de Lourenzá e o val do río Ellas-CC), *santallego* (Santalla-Priaranza-LE), *coutarego* (Valboa-LE), *vilarego* (Vilar de Aceiro-Vilafranca-LE), *candinego* (Candín-LE), *ermidego* (A Ermida-Barxas-LE), *burbiego* (val do río Burbia-LE), *samartiego* (San Martín de Ozcos-AS), *martinego* (Vila-Carballeda de Valdeorras), *mañego* (San Martiño de Trebello-CC), *xalimego* (val do Ellas ou Xálíma-CC), etc, aínda que non son exclusivas, pois por exemplo *galego* é de todo o país, non só da rexión devandita, e *limego*, xunto con *limiao*, son os xentilicios do val do río Limia.

Este sufixo, ditongado en **-iego/-iega**, tamén existe en castelán e asturleonés para formar xentilicios, aínda que de maneira máis esporádica: *manchego* (La Mancha), *pasiego* (valle de Pas-Cantabria), *payego* (El Payo-Salamanca), *gozoniego* (Gozón-Asturias), *morciniego* (Morcín-Asturias), *payariego* (Puertu Payares-Asturias), etc. Pero en non poucas ocasións en Galicia estes xentilicios populares en **-ego/-ega** están sendo desprazados e relegados por formacións recentes que pasan por ser máis comúns ou “neutras”, cando claramente son castelanizadoras ou polo menos desgalguizadoras: *pastoriceño* por *pastoricego* (A Pastoriza), *focense* por *focego* (Foz), *buronés* por *buroego* (terras de Burón, A Fonsagrada), *guntinés* por *pallarego* (Guntín de Pallares), *ribeireño* por *ribeirego* (Ribeira de Piquín), *naviano* por *naviego* (Navia-AS), *meireense* por *meirego* (Meira), etc. En xeral podemos dicir que os sufixos formados con **-ego/-ega** son máis enxebres, aínda cando puidesen coincidir con outros que teñan tamén sufixación nididamente galega.



#### 1.4. **-iño/-iña (-ín/-ía e -in/-iña)**

Este sufixo galego, xunto coas súas variedades orientais **-ín/-ía/-íus/-ías** (no Eo-Navia) e **-in/-iña/-iños/-iñas** (en zonas centro-orientais), procede do latín **-INU/-INA**. O matiz afectivo deste sufixo tamén serviu para formar xentilicios como *mesoiriño* (Mesoiro-A Coruña), *lougariño* (Lougares-Mondariz), *troncosiño* (Mondariz-Balneario), *meisiño* (Meis), *louriño* (Louredo-Mos), *sancormiño* (S. Cosmede de Cusanca-O Irixo), *piñeiriño* (Piñeiro-Maside), *fragosiño* (do val do Fragoso, en Vigo), *ortigueiríu/ ortigueiría/ortigueiríus/ortigueirías* (Ortigueira-Coaña-AS), *franquíu/franquia/franquíus/franquías* (El Franco-AS), *folgueiríu/ folgueiría...* (Folgueiras-Coaña-AS), *serantiu/serantía...* (Serantes-Tapia de Casarego-AS), *andesíu/andesía...* (Andés-Navia-AS), *outeirín/ outeiriña/outeiriños/outeiriñas* (Outeiro-Viladecais-LE), *vilafranquíu/ vilafranquiña...* (Vilafranca-LE), etc.

A desgraza deste sufixo popular foi a irrupción (focalizada orixina-riamente en vilas do centro-sur de Lugo) de novos xentilicios creados co sufixo culto **-ino/-ina** que habería que considerar na meirande parte dos casos máis como irrupción castelanizante que cultista. Apareceron de súpeto no último século: *chantadino* (Chantada), *monfortino* (Monforte de Lemos), *monterrosino* (Monterroso), *soberino* (Sober), *lodosino* (Lodoso-Monterroso), *louzarino* (Santalla de Lúzara-Samos), *valverdino* (Valverde-Monforte de Lemos), *rosendino* (Rosende-Sober), *vilarentino* (Seivane de Vilarente-Abadín), *fonsagradino* (A Fonsagrada), *begontino* (Begonte), etc., e deron lugar co tempo á súa expansión por outras partes do país, como por exemplo en *alempartino* (Alemparte-Lalín), *ventosino* (Ventoso-Agolada), *cesantino* (Cesantes-Redondela), *carboentino* (Carboente-Rodeiro), *alxenino* (Alxén-Salvaterra de Miño), *sanxenxino* (Sanxenxo), *noallino* (Noalla-Sanxenxo), *rosalino* (O Rosal), etc., que son todos eles claramente inventos castelanizantes. Á extensión e popularización destas creacións alleadoras de fasquía foránea contribuíron as denominacións con estes neoxentilicios de clubs deportivos, empresas, asociacións, etc.

Ao igual que viamos con sufixo culto **-ENSE**, en principio pode ser perfectamente lícito e normal formar xentilicios con este sufixo culto **-INO/-INA**, pero sempre sobre o étimo do topónimo. Se o sufixo é culto, latino, a forma do topónimo debería ser a etimolóxica, maiormente latina. Se o étimo de Chantada é o latín *PLANTATA*, o xentilicio culto sería sempre *\*plantatino* (ou *\*plantatense*) e nunca *chantadino*, ou *\*fontesacratino*

e non *fonsagrado* se o étimo da Fonsagrada é FONTE SACRATA. Pero se o étimo de Moeche é MODESTII, xenitivo de MODESTUS, daquela está moito ben construído o xentilicio culto *modestino* e se o étimo de Monforte é MONTE FORTE o xentilicio debería ser *montefortino* e non *monfortino*, como o de MONTE ROSSU é correctamente *monterrosino*. Pero cal é o étimo de Sober, de Alxén-Salvaterra de Miño, de Gastrar-O Pino ou de Bolmente-Sarria? Se non se sabe fixo cal é o étimo non se deberían ensaiar xentilicios cultos e si se deberían crear, inventar, ensaiar, outramente, xentilicios populares con sufixos populares normais sobre a forma actual do topónimo: *soberés, soberao, soberiño, soberexo, sobereiro, begontés, begontego, begonteiro, alxeneiro, alxenés, gastrarés, gastrarexo, gastrarao, bolmenteiro, bolmentés, bolmentao*, etc., por darmos algunhas posibilidades entre as varias existentes.

Recomendámoslles a xornalistas, axentes turísticos, cronistas, historiadores e demais afeccionados á creación e recreación terminolóxica de novos xentilicios, moito tino antes de inventaren algún novo xentilicio co sufixo culto **-ino/-ina** (ou outros sufixos cultos como **-ense** ou **-ano/-ana**) sen teren en conta a etimoloxía do topónimo, pero en xeral desaconsellámolo por coincidir na práctica con formas castelanizantes e, en non poucas ocasións, por tratar de soterrar co xentilicio en **-ino/-ina** outro xentilicio ben máis antigo e popular, como os casos xa vistos de *rosaleiro, ancarés*, etc.

### 1.5. **-eiro/-eira**

Este sufixo de orixe latina (< **-ARIU/-ARIA**) ten na lingua unha gran diversidade de significados, pero case todos eles co significado base de “relacionado con” ou “afeccionado a”. Así, este sufixo forma xentilicios populares por toda a nosa xeografía lingüística: *betanceiro* (Betanzos), *bastavaleiro* (Bastavales-Brión), *xalleiro* (Sta.Comba e Negreira), *marzoeiro* (Marzoa-Oroso), *rianxeiro* (Rianxo), *chaveiro* (Chave-Lousame), *montouteiro* (Montouto-Guntín), *covicheiro* (Covas-Ferrol), *vilareiro* (Vilar-Triacastela), *lameiro* (Lamas-Samos), *meireiro* (O Meiral-O Barco de Valdeorras), *alviteiro* (Alvite-Baños de Molgas), *xagoaceiro* (Xagoaza-O Barco de Valdeorras), *armentaleiro* (Armental-A Peroxa), *cameixeiro* (Cameixa-Boborás), *gaxateiro* (Gaxate-A Lama), *rosaleiro* (O Rosal), *couseiro* (Couso-Gondomar), *camanceiro* (Camanzo-Vila de Cruces), *rodiseiro* (Rodís-Lalín), *chapeleiro* (Chapela-Redondela), *barrueiro*

(Barres-Castropol-AS), *ornixeiro* (Ornixa-Corullón-LE), *troneiro* (S. Pedro de Trones-Ponte de Domingos Flórez-LE), *castreleiro* (Castrelos-Hermisende-ZA), *lagarteiro* (As Ellas-CC), *valverdeiro* (Valverde-CC), etc.

Como sempre adoita suceder cos xentilicios que soan demasiado “a galego”, desde algúns medios de comunicación de traxectoria desgaleguizante invéntanse e difúndense novos xentilicios formalmente máis “neutros”, ambivalentes ou claramente castelanizantes: *santirseño* por *santiseiro*, (Santiso de Abres-AS) *rosalino* por *rosaleiro* (O Rosal), *valverdeño* por *valverdeiro* (Valverde-CC), etc. Os xentilicios rematados en **-eño/-eña** son inventos castelanizantes recentes: *gondomareño* (Gondomar), *entrimeño* (Entrimo), *pastoriceño* (A Pastoriza), *cesureño* (Ponte Cesures), *vilasanteño* (Vilasantar), *saavedreño* (Saavedra-Begonte), *porteño* (Porto-Ribadeo), *belesareño* (Belesar-Baiona), *castreño* (Castro-Paradela), *cruceño* (Vila de Cruces), *fozareño* (Fozara-Ponteareas), *isleño* (Illa da Arousa, Illa de Ons-Bueu), *arqueño* (Arca-A Estrada), *salgueireño* (Salgueiros-Vila de Cruces), *castropoleño* (Castropol-AS), *veigueño* (A Veiga-AS), *riotorteño* (Riotorto), *trasalbeño* (Trasalba-Amoeiro), *mosteireño* (Mosteiro-Láncara), etc. Lembremos o razoamento “lóxico” (dentro da lóxica da formación de xentilicios á castelá e a imitación do modelo de *madrileño*, *brasileño*, *extremeño*, *cacereño*, *alcarreño*, *angoleño*, *puertorriqueño*...) daquel carteiro informador de C.J.Cela que reproduciamos máis arriba: “*se de lugar é lugareño, de Gonzar ‘será’ gonzareño*” e así poderíanse inventar *\*vigueño*, *\*lugeño*, *\*santiagoño*, *\*pontevedreño* e o que se puxese por diante, todo moi do gusto *madrileño*.

Como **-eiro/-eira** é un sufixo de alto rendemento en galego, non é nada de estrañar que se estean a crear popularmente —por xeración espontánea—, e tamén literariamente, novos xentilicios con el: *sardomeiro* (de Sárdoma-Vigo), *moseiro* (de Mos), *roiseiro* (de Rois), *sanxenxeiro* (de Sanxenxo, cremos que analóxico de *rianxeiro*, de Rianxo), *morraceiro* (do Morrazo, supomos que por proximidade con *cangueiro*, de Cangas), etc., outra cousa é que estas creacións populares —moitas das cales xa as temos rexistradas na oralidade e nalgúns textos—, poidan chegar a triunfar ou non, todo depende en primeiro lugar do seu emprego e difusión e, en segundo lugar, da aceptación por parte da poboación falante. Desde logo, se estas formas populares non acadaren a letra impresa, o mundo escolar e os medios de comunicación, dificilmente terán difusión e posibilidade de aceptación. Outramente, e por desgraza, as ocorrencias castelanizadoras (ou cando menos desgaleguizadoras) dalgúns actores sociais e mediáticos

acaban espallándose con relativa celeridade polas páxinas dos xornais e as ondas e os cabos das emisoras audiovisuais.

## 1.6. **-exo/-exa**

Este sufixo puido ter nun principio un certo nesgo ou matiz despectivo que hoxe xa non ten: *portexo* (Porto-ZA), *zamanexo* (Zamáns-Vigo), *valadarexo* (Valadares-Vigo), *valexo* (O Val-Narón), *carralexo* (Carral-Begonte), *castrexo* (Castro de Rei, Castro Escuadro-Maceda de Limia, etc), *castrelexo* (Castrelo do Val), *vidalexo* (Vidal-Trabada), *coutarexo* (O Couto-A Caniza), *quintanexo* (Quintáns-Frades), *caridexo* (A Caridá-El Franco-AS), *paradexo* (Parada de Souto-Trabadelo-LE), *pradexo* (Prado-Trabadelo-LE), *matamanexo*<sup>15</sup> (Matamá-Vigo), *candexo* (Cando-Noia), *pantinexo* (Pantín-Valdoviño), *vilarexo* (Vilar-Mondariz), *aboalexo* (Aboal-Frades-Mondariz), etc., e no conxunto do noso territorio lingüístico ten bastante rendibilidade para este obxectivo de creación de xentilicios.

A desaparición dun posible matiz despectivo ou pexorativo cremos que é demostrable, por exemplo, en que os habitantes do concello portelao de Porto (Zamora) se rebelan publicamente contra o xentilicio que lles inventou e lles impuxo a prensa zamorana: “*porteños*”, xa que eles só se coñecen e recoñecen como *portexos* (falando na lingua que sexa) e alegan con toda a razón do mundo que *porteños* só son os do Río de la Plata, en Arxentina, e non eles. De novo o castelanismo en *-eño/a* a tratar de soterrar unha creación popular galega.

<sup>15</sup> O “n” de *matamanexo* explícase porque popularmente as xentes das parroquias de arredor denominan (denominamos) a Matamá (MATA MALA) como Matamán, quizais porque no galego occidental sexan insólitas as palabras rematadas en -á tónico, por analoxía coa normalidade das formas occidentais *irmán*, *mañán*, *ran*, *lan*, ou por unha certa nasalidade da vogal tónica precedida de nasal bilabial, non o podemos asegurar. O que si certificamos é que a pronuncia popular da zona é Matamán, e de aí que o xentilicio dado aos desa parroquia sexa o de *matamanexos/as*.

## 1.7. Outros sufixos que forman topónimos

Ao igual que vimos co sufixo **-exo/-exa**, poderíamos xeneralizar dicindo que a maioría destoutros “sufixos xentilícos menos usados” tiñan matiz inferiorativo, despectivo, humorístico ou ofensivo, pero non é sempre así e, na meirande parte dos casos, xa perderon ese matiz desconsiderativo que algúns posiblemente puideran ter nun primeiro momento.

**-ola/-olo:** *candolo* (Cando-Outes), *ambiollo* (Ambía-Baños de Molgas), *figueirolo* (As Figueiras-Castropol-AS), *naraiolo* (Camponaraia-LE), *piarolo* (Pías-ZA), etc.

**-oco/-oca:** *barroco* (Barro)

**-oso/-osa:** *camposiño* (Campo-Trazo), *barroso* (Barro e Barros-Allande-AS), *arcoso* (Arcos-Ponteareas), *camposo* (Campos-Tapia de Casarego-AS e Campo da Auga-Vilafranca-LE), etc.

**-ello/-ella e -allo/-alla:** *vilarello* (Vilar-Nogueira de Ramuín), *corneallo* (Cornes-Baleira).

**-acho/-acha ou -ancho/-ancha:** *meracho* (Mera-Oleiros), *loiracho* (Loira-Valdoviño), *liracho* (Lira-Muros), *vilancho* (Ortigueira).

**-elo/-ela:** *castrelo* (Castroquilame-Ponte de Domingo Flórez-LE), *pedrelo* (S. Pedro de Trones-Ponte de Domingos Flórez-LE), *requeixelo* (Requeixo-ZA), *queixelo* (Chandrea de Queixa), *grandelo* (A Grandela-Castropol-AS).

**-ote/-ota, -ato/-ata e -oto/-ota:** *miñoto* (da raia fluvial con Portugal ou en xeral do val do Miño; tamén do concello de Miño), *raioto* (da raia seca con Portugal)<sup>16</sup>, *cambote* (da terra de Camba, no nordeste de Pontevedra), *lebrato* (Campo da Lebre-Barxas-LE), *cancelato* (Cancelo-Triacastela), etc.

<sup>16</sup> Nos últimos anos púxose de moda o xentilicio *arraiano/a* para denominar os habitantes da zona ourensá fronteiriza con Portugal, cando na verdade o xentilicio popular para estas xentes era *raioto/a*. Por extensión, tamén se pasou a empregar *arraiano/a* (co sufixo culto ou tamén castelán *-ano/-ana*) para as persoas orixinarias da “raia leste”, da fronteira oriental de Galicia con Asturias, León e Zamora, e así, por exemplo, falábase de “variedades lingüísticas arraianas”, “a Galicia arraiana”, “dialectos arraianos”, etc. O substantivo e adxectivo *arraiano/a*, quizais tamén favorecido polo título dunha coñecida obra de Méndez Ferrín, consolidouse axiña na sociedade usuaria da lingua galega moderna, pero deberíamos coñecer e usar o xentilicio **raioto/a** polo menos

**-engo/-enga:** *vilarengo* (Freituxe-Bóveda)

**-ento/-enta:** *nevento* (As Neves-Ortigueira), *soneirento* (Terra de Soneira).

**-udo/-uda:** *brañudo* (Paradela-Toques), *grañudo* (A Graña-O Covelo), *torroxudo* (Torroso-Mos).

**-uco/-uca e -ouco/-ouca:** *paramuco* (Páramo-Castroverde), *palouco* (Palio-Rodís), etc.



## 2 Xentilicios que son o mesmo topónimo

En contadas ocasións, o propio topónimo pode funcionar como xentilicio se xa ten de seu unha terminación que recorde a algún dos sufixos usados para formar xentilicios: *tiopeiros* (A Tiopeira-Ordes), *morláns* (Morlán-Trazo), *fornelos* (Val da Fornela-Peranzais-LE), *barroso/a* (Barrosas-Barxas-LE), *ramallosos* (A Ramallosa-Teo), *choreses* (Chorexos-Palas de Rei), *folgueiros* (O Folgueiro-O Vicedo), *sarreaus* (Sarreaus), *saviñaos* (O Saviñao), *pancheses* (Panchés-Carnota), etc.





### 3 Xentilicios das provincias, concellos e comarcas do territorio lingüístico galego

Antes de proseguirmos, queren lembrados tres detalles:

- a) todos os xentilicios rematados en **-ense** son creacións cultistas relativamente recentes, a maioría moi recentes e outras de pouco máis dun século de vixencia, con pretensións de formación dun substantivo ou adxectivo distinguido, fino, prestixiado. En non poucas ocasións non se coñecen dun topónimo outras formas xentilicias, formas populares, pero iso non impide creármolas cos sufixos normais dos que dispón a lingua para este obxectivo e que xa vimos máis arriba;
- b) todos os xentilicios rematados en **-ino/-ina** tamén son invencións recentes de intención cultista e boa parte destas creacións xa están asentadas, pero iso non empece a formación e posta en circulación doutros xentilicios máis acaídos á nosa lingua; neste caso concreto, de crearmos un xentilicio sobre o topónimo actual e non sobre o étimo, o que estaremos a formar é un castelanismo. Exactamente o mesmo podemos dicir dos xentilicios formados con **-ano/-ana**;
- c) os xentilicios rematados en **-eño/-eña** son tamén recentes inventos castelanizantes totalmente rexeitables e reemprazables por outras formacións, ben as tradicionais e históricas, ben outras creadas a partir da propia lingua polo procedemento habitual de formación de xentilicios cos sufixos máis frecuentes: **-és/-esa, án/-á** (ou **-ao/á**), **-eiro/-eira, -exo/-exa, -iño/-iña**<sup>17</sup>, etc.

A seguir, imos ofrecer unha relación de xentilicios dos topónimos galegófonos das provincias de Cáceres, A Coruña, León, Lugo, Ourense,

---

<sup>17</sup> Un exemplo hipotético: se sobre un topónimo calquera como Chenlo (parroquia do concello do Porriño) alguén inventase e difundise un xentilicio castelanizante tipo *chenleño*, esta forma alleizante podería moi ben ser combatida coa formación e difusión dalgunha creación nidiamente galega: *chenlés, chenlán, chenleiro, chenlexo, chenlallo, chenliño*, etc., porque as formas cultas formadas sobre o étimo de Chenlo (PLANELLU) soarían estrafalarías de tan hipercultas: *planelense, planelano* ou *planelino*.

Oviedo e Pontevedra, pero unicamente os topónimos municipais, comarcais e provinciais.

32

Á parte de informacións recollidas nunha grande variedade de textos escritos dos últimos dous séculos, fundamentalmente fontes xornalísticas dos último medio século, fixemos unha pesquisa sobre moitos topónimos cuxos xentilicios nos ofrecían serias dúbidas e, grazas ás informacións fornecidas por familiares, amigos de moitas comarcas, ex-alumnos, alumnos de diversas partes do país lingüístico, compañeiros docentes e algúns coñecidos puidemos chegar a coñecer moitos xentilicios populares que non traspasaran aínda o nivel da oralidade informal. Mercé a estas informacións e ao manexo de diversas fontes documentais, puidemos elaborar agora unha serie de propostas “regulares e normais” alá onde non había xentilicio ou onde se inventaran barbaridades ou castellanismos non doadamente dixeribles; tamén se presentan propostas novidosas nalgúns concellos dos que ata agora só coñeciamos recentes inventos xentilícos cos sufixos cultos **-ense** ou **-ino/a**. Se outros crearon xentilicios alegremente, sen teren en conta para nada as etimoloxías dos topónimos nin a lingua natural e autóctona do país, nós, cun criterio filolóxico e cun estudo demorado, coidamos que estamos en condicións de propoñer e suxerir creacións máis acaídas ao xeito da nosa lingua e da nosa xente. Insistimos: é unha proposta que quere contribuír a mellorar emendando as eivas, só unha proposta.

Xa que logo, hai un inventario limitado de barbaridades xentilícas que —por pudor lingüístico—, imos eliminar da listaxe que imos ofrecer posteriormente: non son admisibles “cousas” como *saviñádigo* (do Saviñao), *buenense* (de Bueu), *forcaricense* (de Forcarei), *lorentino* (de Lourenzá), *salcediense* (de Salceda de Caselas), *vildardexense* (de Vildardévós), *alaricano* (de Allariz), *pontedumiense* (de Pontedeume), *amiense* (de Ames)<sup>18</sup>, *banduense* (Bande) ou, noutra escala, cando nun futuro alguén faga a realación de localidades menores deberán ser eliminados os *fisterrinos* (de Fisteus-Curtis), *budaleses* (de Budeus-Curtis), *toldenses* (de Toldaos-Triacastela), *xupiterinos* (de Xove), *feanenses* (de Feás-Boborás), *hionenses* (do Hío-Cangas), *camposinos* (de Camposancos-A Guarda),

<sup>18</sup> *Amiense* sería de Amio-Santiago de Compostela, nunca de Ames, de Ames será *amesán*. Para crear o xentilicio co sufixo culto, primeiramente verifíquese cal é a etimoloxía de Ames.

etc. Hai invencións tan desafortunadas que non merecen consideración ningunha.

Antes de pasarmos á relación de topónimos e xentilicios correspondentes, engadamos que poñemos en cursiva os inventos recentes, tanto os doutros coma as propostas propios, as que nós suxerimos, e que lle metemos diante un asterisco (p.e. *\*boirense*) aos xentilicios cos que non estamos moi de acordo coa súa formación pero que deixamos por dúas razóns: a) porque teñen un alto grao de popularidade, e/ou b) porque non se coñecen outras invencións.

Corresponderíalle ao Seminario de Onomástica da Real Academia Galega, conxuntamente coa Asociación Galega de Onomástica, a elaboración, fixación e distribución dunha listaxe completa e correcta de xentilicios recomendables, admisibles e inadmisibles. Mentres isto non se produza, e para tratar de conter os incendios xentilíxicos que asolan a onomástica galega, sirva este traballo de devasa e de intento reforestador; iso si: con especies autóctonas.

### 3.1. Asturias

---

**Asturias: asturiano/asturiana - *asturao/asturá*<sup>19</sup>**

---

Allande (AS): allandés/allandesa

---

Boal (AS): boalés/boalesa

---

Castropol (AS): castropolego/castropolega - castropolés/  
castropolesa

---

Coaña (AS): coañés/coañesa

---

Degaña (AS): cunqueiro/cunqueira - degaño/degaña

---

Eilao (AS): eilaés/eilaesa

---

Franco, El (AS): franquíu/franquía<sup>20</sup>

---

Grandas de Salime (AS): grandalés/grandalesa

---

Ibias (AS): ibiao/ibía - ibiego/ibiega

---

Navia (AS): naviego/naviega

---

Pezós (AS): pezosego, pezosega - \*o/a *pezosense*

---

S. Martín de Ozcos (AS): samartiego/samartiega

---

Santalla de Ozcos (AS): santalleiro/santalleira

---

Santiso de Abres (AS): santiseiro/santiseira

---

Tapia de Casarego (AS): tapiego/tapiega

---

Taramundi (AS): taramundés/taramundesas

---

---

<sup>19</sup> Non consideramos *asturao/a* como un invento hiperenxebriante senón como unha reposición dunha das variadas formas medievais galegas, formas que aínda perviven na toponimia (*Esturáns, Esturãos, Astureses*, etc.).

<sup>20</sup> Cos plurais *franquíus, franquías*, formas propias típicas eonaviegas.

Veiga, A (AS): veigués/veiguesa<sup>21</sup>

---

Vilanova de Ozcós (AS): vilanovés/vilanovesa

---

Villaión (AS): villaionés/villaionesa

---

Eo-Navia (AS): *eonaviego/eonaviega*<sup>22</sup>

---

Mariña, A (AS): mariñaο/mariñá

---

Ozcós, Os (AS): ozqueiro/ozqueira

---

Ancarés, Os (AS): ancarés/ancaresa

---

<sup>21</sup> En todas as Veigas tratemos de evitar falsos cultismos (*veiguense* cando debería ser *\*vaiquense* ou algo semellante se nos poñemos finos) ou flagrantes castelanismos (*veigueño*).

<sup>22</sup> *Eonaviego* foi en principio o glotónimo creado polo lingüista Xavier Frías Conde para se referir á modalidade de galego falado na terra Eo-Navia, pero logo tamén pasou a ser empregado como o xentilicio dos habitantes do territorio asturiano galegófono comprendido entre os ríos Eo e Navia. O glotónimo, orixinariamente referido ao galego de Asturias, tamén foi recentemente moi empregado por certo asturianismo galegofóbico para evitar o sintagma “galego de Asturias” ou “galego asturiano” e etiquetar así o que este asturianismo denomina “unha nova lingua” (*sic*), que segundo esta corrente non é galega nin asturiana (lingüisticamente falando) pero que é sobre todo é asturiana (administrativamente).

## 3.2. León

### León: leonés/leonesa

---

Arganza (LE): argancés/argancesa

---

Barxas (LE): barxego/barxega

---

Benuza (LE): benucés/benucesa

---

Borrés (LE): borresego/borresega

---

Cacabelos (LE): \*o/a *cacabelense*

---

Camponaraia (LE): naraiolo/naraiola

---

Candín (LE): candinego/candinega

---

Carracedelo (LE): carracedelés/carracedelesa

---

Carucedo (LE): carucedés/carucedesa

---

Corullón (LE): corullonés/corullonesa

---

Oencia (LE): oenciao/oenciá

---

Paradaseca (LE): paradego/paradega

---

Peranzais (LE): fornelo/fornela<sup>23</sup>

---

Ponferrada (LE): ponferradino/ponferradina<sup>24</sup>

---

Ponte de D. Flórez (LE): pontarego/pontarega

---

Priaranza (LE): priarancego/priarancega

---

Sobrado (LE): sobradego/sobradega

---

Trabadelo (LE): trabadelés/trabadelesa

---

<sup>23</sup> Alusivo ao Val da Fornela.

<sup>24</sup> Xentilicio con forma leonesa ou castelá.

Valboa (LE): coutarego/coutarego

---

Veiga de Espiñareda, A (LE): veigués/veiguesa

---

Veiga do Valcarce, A (LE): valcarcego/valcarcega - canalego/  
canalega<sup>25</sup>

---

Viladecais (LE): touralés/touralesa<sup>26</sup>

---

Vilafranca (LE): vilafranquín/vilafranquiña<sup>27</sup>

---

Ancares, Os (LE): ancarés/ancaresa

---

Berzo, O (LE): berciano/berciana<sup>28</sup> - o/a berxidense

---

Cabreira, A (LE): cabreirés/cabreiresa

---

Courel, O (LE): courelao/courelá

---

Val do Burbia (LE): burbiego/burbiega

---

<sup>25</sup> Así chamados tamén por seren da “Canal” do val do río Valcarce.

<sup>26</sup> En alusión ao outro nome que recibe o concello: Toural dos Vaos.

<sup>27</sup> Cos plurais *vilafranquiños*, *vilafranquiñas*.

<sup>28</sup> Xentilicio con sufixo castelán ou leonés, porque o xentilicio culto, formado sobre o étimo do topónimo, é *berxidense* (do latín BERGIDU).

### 3.3. Zamora

---

**Zamora: zamorano/zamorana**

---

Calabor<sup>29</sup>-Pedralba (ZA): calaborés/calaboresa

---

Hermisende (ZA): hermisendeiro/hermisendeira - liroto/lirota

---

Lubián (ZA): lubianés/lubianesa

---

Pías (ZA): piarolo/piarola

---

Porto (ZA): portexo/portexa

---

Requeixo (ZA): requeixelo/requeixela

---

Frieiras, As<sup>30</sup> (ZA): frieirés/frieiresa

---

Portelas, As (ZA): portelao/portelá

---

Seabra (ZA): xabrés/xabresa

---

<sup>29</sup> Calabor é hoxe a única parroquia galegófona do concello de Pedralba de la Pradería, na Seabra (Sanabria en castelán, Senabria en leonés). Hoxe é un enclave pero hai 50 anos estaba unida ao territorio galegófono das Portelas pola metade sur do concello de Requeixo, que era galegofalante na súa zona meridional, posto que aldeas como Parada eran galegófonas e aínda a toponimia desta zona canta totalmente a galega: *A Fontiña*, *Montemeao*, etc. Hoxe Requeixo é totalmente castelanfalante, por iso Calabor quedou illado do resto do territorio galegófono. A metade sur de Requeixo non cambiou de idioma, simplemente quedou deshabitado.

<sup>30</sup> As Frieiras é unha comarca natural que abrangue os concellos ourensáns de Viana do Bolo, A Gudiña e A Mezquita, os zamoranos de Porto, Pías, Lubián e Hermisende e o trasmontano de Montesinho. As Portelas é o territorio comprendido enter a Portela da Canda e a Portela do Padornelo. Na Seabra, o único punto galegófono que queda é Calabor. O xentilicio desta última comarca é unha evolución de *seabrés* > *siabrés* > *sjabrés* > *xabrés*.



### 3.4. Cáceres

#### Cáceres: *cacereño/cacereña*<sup>31</sup>

---

Ellas, As (CC): *lagarteiro/lagarteira*

---

S. Martiño de Trebello (CC): *mañego/mañega*

---

Valverde (CC): *valverdeiro/valverdeira*<sup>32</sup>

---

Ellas, val do río (CC): *valego/valega*<sup>33</sup>

---

Xálima, val de (CC): *xalimego/xalimega - valego/valega*

---

<sup>31</sup> Con sufixo claramente castelán moi empregado tamén nesta zona: *serragateño*, *navafrieño*, etc.

<sup>32</sup> Nos últimos decenios alguén inventou o xentilicio acastelanado *valverdeño/valverdeña* e tanto penetrou na sociedade local que xa hai asociacións apelidadas de *valverdeña*. É un claro castelanismo para desprazar o xentilicio nativo *valverdeiro*. Para tratar de eliminar o glotónimo da fala local, *valverdeiro*, tamén se usa o adxectivo e substantivo *valverdeño* e mesmo a forma despectiva *chapurrau*.

<sup>33</sup> Ambos os xentilicios, *valego* e *xalimego*, son inventos recentes de investigadores en lingua e primeiro foron glotónimos: *valego* formado sobre “val” (do Ellas ou de Xálima) e *xalimego* sobre o monte “Xálima”.

### 3.5. Galicia

---

**Galicia: galego/galega**<sup>34</sup>

---

Abadín: abadinés/abadinesa - \*o/a *abadinense*<sup>35</sup>

---

Abegondo: abegondés/abegondesa - \*o/a *abegondense*

---

Agolada: agoladés/agoladesa - o/a *aqualatense*<sup>36</sup>

---

Alfoz: alfocego/alfocega - alfocés/alfocesa

---

Allariz: *allarizao/allarizá* - \*o/a *allaricense*<sup>37</sup>

---

Ames: amesán/amesá<sup>38</sup>

---

Amoeiro: amoeirés/amoeiresa

---

Antas de Ulla: ullán/ullá e ullao/ullá

---

Aranga: arangués/aranguesa

---

<sup>34</sup> Desaconsellamos o uso do xentilicio culto *galiciano* (temos ouvido falar de “galicianismo” en lingüística e *galiciano/a* en zooloxía, os franceses chámannos *galiciens*, os ingleses *galicians* e os italianos *galiziani*) porque se pode confundir co xentilicio da Galicia polaco-eslovaca. Os desta Galicia centroeuropea interior son *galicianos* (repárese no emprego sufixo *-ano/-ana* para cultismos e estranxeirismos) os da Galicia atlántica somos *galegos*.

<sup>35</sup> A forma culta, en **-ense**, para ben ser debería ser *abatinense*, posto que Abadín procede de ABATE.

<sup>36</sup> Desbótese o *agolense* que ás veces lemos na prensa, por invento falido: porque o topónimo actual non é “Agola” e o étimo é AQUALATA.

<sup>37</sup> Rexéitese *alaricano*. Unha forma culta podería ser *aliaricense* (de ALIARICII) e non *allaricense*, que está ben estendida, pero pódese crear un xentilicio popular co sufixo *-ao* moi rendible para formar xentilicios en toda esta comarca e que é a nosa proposta.

<sup>38</sup> A forma *amiense*, que lemos habitualmente xornais como ECG ou LVG, é un erro.

Arbo: \*o/a *arbense*<sup>39</sup> - *arbés/arbesa*

---

Ares: *aresán/aresá*

---

Arnoia, A: *arnoiao/arnoíá*

---

Arteixo: *arteixán/arteixá*

---

Arzúa: *arzuán/arzuá*

---

Baiona: *baionés/baionesa*

---

Baleira: *baleirés/baleiresa*

---

Baltar: *baltarés/baltaresa*<sup>40</sup>

---

Bande: *bandés/bandesá*<sup>41</sup>

---

Baña, A: *bañés/bañesa* - \*o/a *bañense*<sup>42</sup>

---

Baños de Molgas: *molgao/molgá* - *molgués/molguesa* - \*o/a  
*molguense*<sup>43</sup>

---

Baralla: *barallés/barallesa*

---

<sup>39</sup> Sobre o étimo ÁRABO debería crearse \**arabense* pero a forma *arbense* está moi consolidada socialmente.

<sup>40</sup> Rexéitese o *baltareño/a* da prensa.

<sup>41</sup> O invento *banduense* é inxustificable, pois remite a un inexistente topónimo \*Bandua.

<sup>42</sup> Se o étimo é AVANIA o xentilicio culto sería *avaniense*, non *bañense*, pero ten certo uso nos xornais e xa está relativamente consolidado entre a xente, pero nós desaconsellamos *bañense*.

<sup>43</sup> Este é un deses casos en que se forma un xentilicio con sufixo culto sobre a forma popular ante o descoñecemento do étimo. Non está aínda totalmente consolidado pero é o que circula en medios de comunicación. Nós recomendamos o emprego doutras formacións como *molgao*, *molgués*, etc.

Barco de Valdeorras, O: valdeorrés/valdeorresa<sup>44</sup>

---

Barreiros: *barreirego/barreirega* - *barreirés/barreiresa*<sup>45</sup>

---

Barro: barrés/barresa - barroso/barrosa

---

Beade: *beadés/beadesa*<sup>46</sup>

---

Beariz: *bearizao/bearizá* - \**o/a bearicense*<sup>47</sup>

---

Becerreá: *becerrego/becerrega* - \**o/a becerreense*

---

Begonte: *begontés/begontesa* - \**begontino/begontina*<sup>48</sup>

---

Bergondo: *bergondés/bergondesa*

---

Betanzos: *betanceiro/betanceira*<sup>49</sup>

---

Blancos, Os: *blanqués/blanquesa* - *o/a blanquense*

---

Boborás: *boborao/boborá* - *boborés/boboresa*<sup>50</sup>

---

<sup>44</sup> Aínda que valdeorrés é o xentilicio de toda a comarca, os valdeorreses por excelencia son os da vila do Barco, a capital da comarca.

<sup>45</sup> *Barreireense* é un invento desafortunado. Se o étimo é BARRARIU o xentilicio culto debería ser *barrariense*.

<sup>46</sup> A forma *beadense* que lemos ás veces por aí non é correcta; se se quere formar un xentilicio culto con **-ense** debería ser *beatense*, pois o étimo é BEATI.

<sup>47</sup> A falta de coñecer o étimo, invéntase un xentilicio excelso con **-ense**. É preferible crear cun sufixo popular.

<sup>48</sup> Fronte ao invento castelanizante de *begontino*, pseudocultismo en lugar de *bicontino* (formado sobre o étimo VICONTIU), propomos unha creación natural co sufixo máis usado nos xentilicios.

<sup>49</sup> Desbotamos o xentilicio *brigantino/brigantina* para Betanzos porque é unha adscrición errada. *Brigantino* é o xentilicio culto de BRIGANTIUM e Betanzos non foi BRIGANTIUM.

<sup>50</sup> Sen sabermos o étimo é arriscado propoñer *boboreense*, por moi fino que poida aparentar.

Boiro: \**o/a boirens*<sup>51</sup> - *boirés/boiresa*

---

Bola, A: *bolés/bolesa*

---

Bolo, O: *bolés/bolesa*

---

Boqueixón: *boqueixonés/boqueixonesa*

---

Bóveda: *bovedés/bovedesa* - \**o/a bovedense*<sup>52</sup>

---

Brión: *brionés/brionesa*

---

Bueu: *bueués/bueuesa*<sup>53</sup>

---

Burela: *burelao/burelá* - *burelés/burelesa*

---

Cabana de Bergantiños: *cabanés/cabanesa* - *bergantiñán/bergantiñá*

---

Cabanas: *cabanés/cabanesa*

---

Caldas de Reis: \**o/a caldense*<sup>54</sup>

---

Calvos de Randín: \**o/a calvense* - \**o/a randinense*

---

<sup>51</sup> Esta forma pretendidamente culta xa está sobradamente popularizada, non cabe proposta nova non sendo unha minoritaria forma popular *boirés/boiresa* recollida en Catoira e que nós preferimos.

<sup>52</sup> Preferimos a forma *bovedés* a *bovedense* (inventos ambas as dúas) porque a creación culta —para ben ser—, tería que ser *buvitense*.

<sup>53</sup> É un disparate inxustificable o xentilicio *buenense* tan usado pola prensa e que non ten máis de 30 anos de existencia. *Buenense* remite a un inexistente lugar chamado \*Bueno, con —n—, e non é \*Bueno, é Bueu.

<sup>54</sup> A forma culta (en *-ense*) debería ser *calidense* (de CALIDAS) e non *caldense*, pero esta última é a única forma ata o de agora posta en circulación. Se alguén popularizase mediaticamente formas como *caldán*, *caldexo*, etc., e algunha delas chegase a callar, daquela si que poderíamos canear o invento pseudocultista *caldense*.

Camariñas: camariñán/camariñá

---

Cambados: cambadés/cambadesa

---

Cambre: cambrés/cambresa

---

Campo Lameiro: *campolameirán/campolameirá*

---

Cangas: cangueiro/cangueira <sup>55</sup> - cangués/canguesa

---

Caniza, A <sup>56</sup>: \**o/a canicense* - *canizán/canizá*

---

Capela, A: *capelao/capelá*

---

Carballeda de Avia: carballedés/carballedesa

---

Carballeda de Valdeorras: carballedego/carballedega - valdeorrés/  
valdeorresa

---

Carballedo: carballedés/carballedesa

---

O Carballiño: carballiñés/carballiñesa

---

Carballo: carballés/carballeza

---

Cariño: cariñés/cariñesa

---

Carnota: carnotán/carnotá

---

Carral: carralés/carralesa

---

<sup>55</sup> Aínda que hoxe sexa “case” oficial a forma *cangués/canguesa*, os habitantes dos demais concellos da ría referímonos aos de Cangas como *cangueiros/cangueras*, sen que haxa nestoutra denominación matiz despectivo ou festivo ningún.

<sup>56</sup> A Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia ditaminou hai ben anos que a forma correcta deste topónimo debería ser *A CaNiza*, con —n—, como lle chaman aínda os habitantes das parroquias deste concello, pero os diferentes gobernos municipais e provinciais fixeron caso omiso deste ditame oficial. Xa que logo, o xentilicio debería ser *canizán*, *canicense* ou calquera outra formación.

Cartelle: cartellao/cartellá

---

Castrelo de Miño: castrelao/castrelá

---

Castrelo do Val: castrelexo/castrelexa valés/valesa<sup>57</sup>

---

Castro Caldelas: caldelao/caldelá

---

Castro de Rei: castrexo/catrexa

---

Castroverde: castroverdés/castroverdesa

---

Catoira: *catoirán/catoirá* - \*o/a *catoirens*e

---

Cebreiro, O: cebreirego/cebreirega

---

Cedeira: cedeirés/cedeiresa - \*o/a *cedeirens*e<sup>58</sup>

---

Cee: ceés/ceesa - \*o/a *ceense*<sup>59</sup>

---

Celanova: celanovés/celanovesa

---

Cenlle: *cenllés/cenllesa* - *cenlleiro/cenlleira*

---

Cerceda: *cercedés/cercedesa* - \*o/a *cercedense*

---

Cerdedo: *cerdedés/cerdedesa* - \*o/a *cerdedense*

---

Cerdido: *cerdidés/cerdidesa* - \*o/a *cerdidense*

---

Cervantes: cervantego/cervantega

---

Cervo: \*o/a *cervense* - *cervego/cervega*

---

<sup>57</sup> *Valeses* é un xentilicio non aplicable a todo o concello porque só se refire aos orixinarios das parroquias do concello que están no val, as parroquias da montaña (Campo Beceros, Porto Camba, etc.) non son valesas.

<sup>58</sup> A forma culta sería *cetariense*, do étimo CETARIA, e non a creación a medio camiño *cedeirens*e.

<sup>59</sup> O mesmo có anterior, a forma culta sería *sedense* e non *ceense*.

Cesuras: cesurán/cesurá<sup>60</sup>

---

Chandrexela de Queixa: queixalao/queixalá - chandrexao/  
chandrexá

---

Chantada: chantadés/chantadesa - \**chantadino/chantadina*<sup>61</sup>

---

Coirós: coirés/coiresa - \**o/a coirense*

---

Coles: colés/colesa - \**o/a colense*

---

Corcubión: corcubionés/corcubionesa

---

Corgo, O: corgués/corguesa

---

Coristanco: coristanqués/coristanquesa

---

Cortegada: cortegadao/cortegadá

---

Coruña, A: coruñés/coruñesa - \**herculino/herculina*<sup>62</sup>

---

Cospeito: *cospeités/cospeitesa* - *cospeitego/cospeitega* - \**o/a cospeitense*

---

Cotobade: cotobadés/cotobadesa

---

<sup>60</sup> Evitemos o invento castelanizante *cesureño/a*.

<sup>61</sup> Para ben ser co sufixo culto, debería ser *plantatino/plantatina*. Se se emprega o sufixo **-ino/-ina** sobre a forma popular xa non é cultismo, é claramente (pseudo)castelanismo, por moito ou pouco arraigado que estea.

<sup>62</sup> Este xentilicio culto fai referencia á “Torre de Hércules” ou “Faro de Breogán”, depende da mitoloxía fantástica que máis nos preste. Ata ben entrada a Idade Media esta cidade era coñecida como o “Burgo do Faro” e desde o século XIII, por decisión do rei galego Afonso VIII, empezou a ser coñecida como A Cruña ou A Coruña, esta última a única forma oficial. O xentilicio de *herculino*, con todo e ser moi usado por algúns medios de comunicación, é requintado e fantástico de máis porque o étimo sobre o que se forma carece de toda base histórica sólida.



Courel, O: courelao/courelá.

Covelo, O: *covelán/covelá* - \*o/a *covelense*

Crecente: \*o/a *crecentense*<sup>63</sup>

Culleredo: *culleredés/culleredesa* - \*o/a *culleredense*<sup>64</sup>

Cuntis: \*o/a *cuntense*<sup>65</sup>

Curtis: \*o/a *curtense*

Dodro: *dodrés/dodresa* - \*o/a *dodrense*

Dozón: *castrexo/castrexa*<sup>66</sup>

Dumbría: *dumbriés/dumbriesa*

Estrada, A: \*o/a *estrادense*<sup>67</sup> - *estrادés/estrادesa*

Fene: *fenés/fenesa*

<sup>63</sup> É a única forma coñecida (inventada), pero poderían circular socialmente outras formas ( supoñamos: *crecenteiro*, *crecentexo*, etc.) se houber quen as divulgase e chegase algunha a callar.

<sup>64</sup> Lese por aí o invento estrafalario de *cullerdense*, que remite a un inexistente \**Cullerdo*. Se se quere formar un xentilicio culto en **-ense** sobre o topónimo deberíase buscar o étimo de Culleredo ou, de maneira pseudoculta, formar directamente *culleredense*, pero nunca *cullerdense*.

<sup>65</sup> Tanto Cuntis como Curtis son topónimos dos que descoñecemos o étimo, pero non estamos moi de acordo coas formacións *cuntiense* e *curtiense* que interpretan o -s final do topónimo como un morfema de plural; daquela, o xentilicio debería ser *cuntense* e *curtense*.

<sup>66</sup> O de *castrexo* vénlle polo topónimo “Castro de Dozón”, capital do concello. Rexeitemos formacións estrafalariamente pseudocultas como *castrense*, adxectivo que remite ao mundo militar e non a lugar ningún.

<sup>67</sup> *Estradense* está totalmente interiorizado, sobre todo a partir do nome do equipo de fútbol local e de varias empresas, pero a formación correcta sería *estratense* ou, se se quere a forma non excelsa e máis popular: *estrادés*, *estrادesa*.

Ferrol: ferrolán/ferrolá - ártabro/ártabra<sup>68</sup>

---

Fisterra: fisterrán/fisterrá<sup>69</sup>

---

Folgosos do Courel: courelao/courelá<sup>70</sup>

---

Fonsagrada, A: buroego/buroega<sup>71</sup> - \**fonsagradino/fonsagradina*<sup>72</sup>

---

Forcarei: *forcareiés/forcareiesa*<sup>73</sup>

---

Fornelos de Montes: *fornelán/fornelá* - *o/a fornense*

---

Foz: focego/focega - \**o/a focense*<sup>74</sup>

---

Frades: fradés/fradesa - \**o/a fradense*

---

Friol: friolés/friolesa

---

<sup>68</sup> Os xentilicios con reminiscencias históricas (neste caso á tribo céltica dos ártabros) non sempre se aplican con corrección. Ártabros tamén poden ser os naroneses, os cabaneses, etc. É máis ben un xentilicio comarcal, como podería ser *trasanqueiro/trasanqueira*, que remite á antiga xurisdición de Trasancos, tamén nesta zona.

<sup>69</sup> Quíxose inventar xentilicio *fisterrino*, moi fino, con sufixo culto pero inzado de castelanidade, e inventouse mal, porque se o sufixo é culto debería ir acompañando ao étimo: *finisterrino* ou *finisterrense*, así si.

<sup>70</sup> Ao igual que pasaba co Barco de Valdeorras, os habitantes da vila principal dunha comarca levan normalmente o xentilicio comarcal.

<sup>71</sup> Fai referencia ás Terras de Burón.

<sup>72</sup> Xa vimos antes que é un mal invento, pois debería ser *fontesacratino*, *fontesacratina*; ao se formar o xentilicio sobre o topónimo actual máis o sufixo *-ino* o que se crea é un castelanismo. Xa que a maioría dos topónimos da zona se crean sobre o sufixo **-ego** (*cervantego*, *naviego*, *nogalego*..., por que non *fonsagradeo*?

<sup>73</sup> Rexeitemos o esperpento de *forcaricense* que tanto repite a prensa, pois non hai ningún lugar chamado \*Forcariz.

<sup>74</sup> Habendo popularmente o histórico *focego/focega*, que necesidade hai de inventar xentilicios solemnes con sufixación culta?

Gomesende: gomesendeiro/gomesendeira - gomesendés/  
gomesendesa

Gondomar: *gondomarés/gondomaresa* - \*o/a *gondomarense*<sup>75</sup>

Grove, O: groveiro/groveira \*o/a *grovense*<sup>76</sup>

Guarda, A: guardés/guardesa

Gudiña, A: gudiñao/gudiñá

Guitiriz: \*o/a *guitiricense* - *guitiricés/guitiricesa*

Guntín: *guntinés/guntinesa* - *pallarego/pallarega*<sup>77</sup>

Illa de Arousa, A: arousán, arousá<sup>78</sup>

Incio, O: *inciao/inciá* - \*o/a *inciense*

Irixe, O: *irixao/irixá* - \*o/a *irixense*

Lalín: \*o/a *lalinense* - *lalinés/lalinesa*

Lama, A: lameiro/lameira - lamoso/lamosa - \*o/a *lamense*

<sup>75</sup> Rexeitemos o castelanismo xornalístico *gondomareño/a*, aínda que estea estendido.

<sup>76</sup> Se se quixera formar un xentilicio culto correctamente, debería ser *ocobriguense*, non *grovense*. Neste caso concreto, o que funciona perfectamente a nivel popular son os ditados tópicos, os alcumes colectivos: *meco/a* para a xente da vila do Grove, e *toghino/a* para a xente da parroquia de San Vicenzo, no mesmo concello.

<sup>77</sup> Fai referencia á antiga xurisdición de Terra de Pallares, do cal Guntín era a capital. De aquí vén o apelido Pallarés, antigo xentilicio de terra de Pallares.

<sup>78</sup> A Arousa é a illa grande da ría, por excelencia, e os arousáns por antonomasia son logo os habitantes ou orixinarios da Illa da Arousa. Máis tarde este xentilicio foi tamén aplicable aos habitantes ou orixinarios dos concellos das ribeiras de toda a ría da Arousa, pero en principio os *arousáns* eran só os insulares.

Láncara: lancarao/lancará

---

Laracha, A: larachés/larachesa

---

Larouco: laroucao/laroucá

---

Laxe: *laxés/laxesa* - \*o/a *laxense*<sup>79</sup>

---

Laza: *lazao/lazá* - \*\*o/a *lacense*

---

Leiro: *leirao/leirá* - \*o/a *leirense*<sup>80</sup>

---

Lobeira: lobeirao/lobeirá

---

Lobios: *lobián/lobiá* - \*o/a *lobiense*

---

Lourenzá: valego/valega - \*o/a *laurentiniano*<sup>81</sup>

---

Lousame: lousamán/lousamá<sup>82</sup>

---

Lugo: lugués/luguesa - o/a *lucense*

---

Maceda (de Limia): macedao/macedá

---

Maceda<sup>83</sup> (de Trives): macedés/macedesa - trivés/trivesa

---

<sup>79</sup> Para ben ser, o cultismo debería ser *laxenense*, sobre o étimo \*LAGENA.

<sup>80</sup> Para ben ser, o cultismo debería ser *glareense*, do étimo GLAREA.

<sup>81</sup> Alguén no xornal *El Progreso* inventou hai uns decenios o xentilicio cultísimo *lorentino* para Lourenzá, pero se o étimo de Lourenzá é LAURENTIANA a creación xentílica culta sería *laurentiano* ou *laurentianino* e non *lorentino*, que é unha barbaridade.

<sup>82</sup> É inexplicable a forma inventada nos xornais: *lousamián*.

<sup>83</sup> O concello aínda denominado oficialmente Manzaneda era sempre nomeado na documentación medieval galega como Maceda de Trives (por oposición a Maceda de Limia, actual Maceda). Manzaneda é unha castellanización toponímica temperá doadamente corrixible. Agardemos neste sentido por unha coherente decisión do Concello e da Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia. Desde logo o xentilicio \**manzanedense* non sería correcto porque o

Malpica: malpicán/malpicá

---

Mañón: mañónés/mañonesa

---

Marín: o/a marinense

---

Maside: masidao/masidá

---

Mazaricos: mazaricán/mazaricá

---

Meaño: meañés/meañesa

---

Meira: meirego/meirega - meirao/meirá

---

Meis: meisiño/meisiña - \*o/a *meisense*

---

Melide: melidao/melidá - \*o/a *melidense*<sup>84</sup>

---

Melón: melonés/melonesa

---

Merca, A: merqués/merquesa - \*o/a *merquense*

---

Mesía: mesiés/mesiesa - \*o/a *mesiense*

---

A Mezquita: mesquités/mesquitesa

---

Miño: miñés/miñesa - \*o/a *miñense*

---

Moaña: moañés/moañesa

---

Moeche: *modestino/modestina* - *moechés/moechesa*

---

Mondariz-Balneario: troncosiño/troncosiña - \*o/a *mondaricense*

---

Mondariz: mondarizán/mondarizá - \*o/a *mondaricense*

---

Mondoñedo: o/a mindoniense

---

■  
 sufixo **-ense** se debería aplicar sobre o étimo, MATIANETA, resultando daquela o xentilicio *matianetense*.

<sup>84</sup> O cultismo debería ser *melitense* e non *melidense*.

Monfero: monferés/monferesa

---

Monforte: \**monfortino/monfortina*<sup>85</sup> - limés/limesa<sup>86</sup>

---

Montederramo: montederramés/montederramesa

---

Monterrei: *monterreís/monterreiesa* - \**o/a montederreguense*<sup>87</sup>

---

Monterroso: o/a monterrosino, monterrosina

---

Moraña: morañés/morañesa

---

Mos: \**o/a mosense*

---

Mugardos: mugardés/mugardesa

---

Muíños: muiñés/muiñesa

---

Muras: muresao/muresá - murés/muresa

---

Muros: muradán/muradá<sup>88</sup>

---

Muxía: muxián/muxiá

---

Narón: naronés/naronesa

---

Navia de Suarna: naviego/naviega

---

Neda: nedés/nedesa - \**o/a nedense*

---

<sup>85</sup> A forma correcta deste xentilicio debería ser *montefortino*, pois *monfortino*, aplicando o -**ino** sobre a forma actual do topónimo, é sospeitoso de castelanismo.

<sup>86</sup> Este xentilicio fai referencia a toda a comarca de Lemos.

<sup>87</sup> Outro exemplo de creación xornalística calamitosa do xentilicio. Sobre o étimo MONTE DE REGE poderíase inventar un *montederreguense*, pero non un *montederrense*.

<sup>88</sup> É un xentilicio estraño, parece formado sobre \**Murado* e non sobre Muros (antigamente Muro de S. Pedro). En todo caso é a única forma coñecida.

Negreira: negreirés/negreiresa - \*o/a *nigrariense* <sup>89</sup>

Negueira de Muñiz: negueirés/negueiresa

Neves, As: nevés/nevesa - \*o/a *nevense*

Nigrán: nigranés/nigranesa

Nogais, As: nogalego/nogalega <sup>90</sup>

Nogueira de Ramuín: nogueirao/nogueirá

Noia: noiés/noiesá

Oia: \*o/a *oiense*

Oímbra: oimbrao/oimbrá

Oleiros: oleirés/oleiresa - \*o/a *oleireense* <sup>91</sup>

Ordes: \*o/a *ordense*

Oroso: orosán/orosá

Ortigueira: ortigueirés/ortigueiresa<sup>92</sup> - o/a *urticariense*

Ourense: ourensán/ourensá - o/a *auriense*

<sup>89</sup> En latín xa era NIGER, NIGRA, NIGRUM, con G, non entendemos por que se inventou un xentilicio culto con C: *nicrariense*, que de seu xa é incorrecto.

<sup>90</sup> Circula por aí o disparate da forma *noguense*, cando do latín NUCARIA debería dar un xentilicio culto *nucariense* ou *nucarino/a*. Popularmente o xentilicio está formado sobre unha forma de singular *nogal* xa que na zona oriental galega o normal é que os nomes das árbores rematen en *-al* e non en *-eira/o*: *a cereixal, a nogal, a moral...* de aí que o plural de *a nogal* sexa *as nogais*.

<sup>91</sup> Outra máis: do latín OLLARIU tería que dar como xentilicio culto *olariense*, non *oleireense*.

<sup>92</sup> Rexeitemos lamentables creacións xornalísticas castelanizantes como *ortegano*, *ortegana* que remiten a un inexistente topónimo \*Ortega e non ao concello de Ortigueira nin á comarca de Ortegá.

Ourol: ourolés/ourolesa

---

Outeiro de Rei: *outeirao/outeirá* - *outeirés/outeiresa*

---

Outes: outés/outesa - \**o/a outense*

---

Oza dos Ríos: \**o/a ocense*

---

Oza-Cesuras: \**ocesurán/ocesurá*

---

Paderne: padernés/padernesa

---

Padrenda: padrendés/padrendesa

---

Padrón: padronés/padronesa - *o/a iriense*

---

Palas de Rei: \**o/a palense*

---

Pantón: pantonés/pantonesa

---

Parada de Sil: paradés/paradesa

---

Paradela: paradelés/paradelesa - \**o/a paradelense*<sup>93</sup>

---

Páramo, O: paramés/paramesa

---

Pastoriza, A: *pastoricego/pastoricega* - \**o/a pastoricense*

---

Pazos de Borbén: *paceiro/paceira* - \**o/a pacense*<sup>94</sup>

---

Pedrafita do Cebreiro: cebreirego/cebreirega<sup>95</sup>

---

<sup>93</sup> *Paratense* sería a forma culta, e non *paradelense*.

<sup>94</sup> *Pacense* é —impropriamente—, de Badajoz ou Badallouce (críase que Badallouce era a antiga PAX IULIA, cando esta cidade romana foi a actual Beja, en Portugal); se se quixese crear un xentilicio culto sobre o étimo PALATIUM sería *palatiense* ou *palatino*. Sobre Pazos poderíase crear *pacexo*, *paceiro*, *pazán*, *pacés*, *pacego*, etc., como hai sobre outros idénticos e numerosos topónimos Pazos en Galicia.

<sup>95</sup> *Piedrafiteño* (*sic*) foi o disparate castelanizante que escoitamos hai moi pouco tempo con estupor nunha radio galega que emite en castelán.



Pereiro, O: *pereirao/pereirá* - \*o/a *pereirens*<sup>96</sup>

Peroxa, A: *peroxao/peroxá*

Petín: *petínés/petinesa*

Pino, O: *pinés/pinesa*

Piñor: *piñorao/piñorá* - \*o/a *piñorens*

Pobra do Brollón, A: *brollonés/brollonesa* - \*o/a *pobrens*<sup>97</sup>

Pobra de Trives, A: *trivés/trivesa* - \*o/a *pobrens*

Pobra do Caramiñal, A: \*o/a *pobrens*

Poio: o/a *poiens*

Pol: *polego/polega* - \*o/a *polens*

Ponte Caldelas: *pontecaldelán/pontecaldelá* - *caldelán/caldelá*

Pontearreas: *pontearreán/pontearreá*

Ponteceso: *pontecesán/pontecesá*

Pontecesures: *cesurés/cesuresa*<sup>98</sup>

Pontedeume: *pontedeumés/pontedeumesa* - *eumés/eumesa*

Pontedeva: *pontedevés/pontevedes* - \*o/a *pontedevens*

Pontenova, A: *pontenovés, pontenovesa*

Pontes de García Rodríguez, As: *pontés, pontesa*

<sup>96</sup> Para ben ser debería ser *pirariens*, sobre o étimo PIRARIA.

<sup>97</sup> Se Pobra vén do latín POPULA, o xentilicio culto debería ser *populens* e non *pobrens*.

<sup>98</sup> *Cesureño* é un invento castelanizante dun cronista local da segunda metade do século XX. Certo é que xa está arraigado, pero cómpre evitalo.

Pontevedra: pontevedrés/pontevedresa

---

Porqueira, A: porqueirés/porqueiresa

---

Porriño, O: porriñés/porriñesa

---

Portas: *portés/portesa* - \*o/a *portense*

---

Porto do Son: \*o/a *sonense*

---

Portomarín: o/a portomarínense

---

Punxín: punxínés/punxinesa

---

Quintela de Leirado: quintelán/quintelá

---

Quiroga: quirogués/quiroguesa

---

Rábade: *rabadés/rabadesa* - o/a *rabadense*

---

Rairiz de Veiga: rairizao/rairizá

---

Ramirás: *ramirao/ramirá* - \*o/a *ramiranense*<sup>99</sup>

---

Redondela: redondelán/redondelá

---

Rianxo: rianxeiro/rianxeira

---

Ribadavia: o/a ribadaviense

---

Ribadeo: o/a ribadense

---

Ribadumia: o/a ribadumiense

---

Ribas de Sil: o/a ribasilense

---

Ribeira de Piquín: ribeirego/ribeirega

---

<sup>99</sup> *Ramirense* é o falso e disparatado cultismo que lemos ás veces na prensa provincial de Ourense, porque este é o nome que recibe certo estilo artístico prerrománico focalizado no centro de Asturias. Se o étimo de Ramirás é RAMIRANES o cultismo debería ser *ramiranense* e non outra cousa.

Ribeira (Sta.Uxía): ribeirán/ribeirá

---

Riós: *o/a orriolense*<sup>100</sup>

---

Riotorto: *riotortego/riotortega* - \**o/a riotortense*<sup>101</sup>

---

Rodeiro: rodeirao/rodeirá - cambote/cambota<sup>102</sup>

---

Rois: roisiño/roisiña - \**o/a roisense*

---

Rosal, O: rosaleiro/rosaleira

---

Rúa, A: rués/ruesa

---

Rubiá: rubiao/rubiá

---

Sada: *sadés/sadesa* - \**o/a sadense*

---

Salceda de Caselas: salcedán/salcedá - caseiro/caseira - \**o/a salcedense*<sup>103</sup>

---

Salvaterra<sup>104</sup> de Miño: salvaterrán/salvaterrá - \**o/a salvaterrense*

---

Samos: \**o/a samanense*<sup>105</sup>

---

S. Cibrao das Viñas: *sancibrao/sancibrá* - \**o/a cibrense*<sup>106</sup>

---

<sup>100</sup> Se o étimo é ORRIOLOS non ten sentido un suposto cultismo *riense* e si en troques *orriolense*.

<sup>101</sup> *Rivotortense* sería a forma culta.

<sup>102</sup> En referencia ao val de Camba.

<sup>103</sup> *Salicetense* sería a forma culta, non *salcedense* ou *salcediense*, como por desgraza lemos nos xornais.

<sup>104</sup> Ata a época medieval o nome era *Lazouro*.

<sup>105</sup> Non sabemos quen inventou o de *samonense*, pero se o étimo é \*SÁMANOS o xentilicio debería ser *samanense* e non *samonense*.

<sup>106</sup> Outro invento desafortunado: se o étimo de Cibrao é CIPRIANUS o xentilicio culto debería ser *ciprianense* e non *cibrense*. Como temos recollido “sancibrao”

S. Cristovo de Cea: *ceés/ceesa* - \*o/a *sedense*

S. Sadurniño: *sadurniñés/sadurniñesa* - \*o/a *saturniniense*<sup>107</sup>

S. Xoán de Río: *riés/riesa*

Sandiás: *sandiao/sandiá*

Sta. Comba: *santacombés/santacombesa* - *xalleiro/xalleira*<sup>108</sup>

Santiago de Compostela: *compostelán/compostelá* - *santiagués/santiaguesa*

Santiso: *santiseiro/santiseira*

Santo Amaro: *amarés/amaresa* - \*o/a *amarense*

Sanxenxo: *sanxenxeiro/sanxenxeira*<sup>109</sup> - *lilaino/lilaina*

Sarreaus: *sarreau/sarreá*

usado como xentilicio popular, este é o que propomos.

<sup>107</sup> Se o étimo de Sadurniño é SATURNINUS o xentilicio debería ser *saturninense*, e non *sadurniñense*, como aparece nalgunha prensa local.

<sup>108</sup> Como vimos no caso de Valdeorras e outros, o xentilicio comarcal da terra do Xallas aplícase por excelencia aos habitantes da vila principal da comarca.

<sup>109</sup> O único xentilicio existente na vila de Sanxenxo é o ditado tópico *lilaino/lilaina* (só para os da vila e parroquia de San Xenxo de Padriñán, porque os das outras parroquias teñen cadanseu alcume colectivo ou xentilicio: os de Portonovo son *ghatos*, os de Vilalonga *barreiros*, os de Adina *carolos*, os de Bordóns *sacheiros*, os de Nantes *nanteses*, etc.). En caso de crearmos un xentilicio sobre o topónimo Sanxenxo, deberemos recorrer a sufixos populares como *sanxenxeiro* (por analoxía con *rianxeiro*, como xa fai algunha xente), pero nunca á aberración de *sanxenxino* como figura con frecuencia nos xornais *El Correo Gallego* e *Diario de Pontevedra*. En caso de algúns quererem crear un finísimo xentilicio culto, este debería ser *sanxinesino*, *sanxinesiano* ou *sanxinesiense* (sobre SANCTI GINESIUS). Nos outros preferimos o popular *sanxenxeiro*, creado popularmente coidamos que por analoxía con *rianxeiro*, xa que os dous topónimos teñen terminacións semellantes: *Rianxo*, *Sanxenxo*.

Sarria: *sarriao/sarriá*

Saviñao, O: *saviñao/saviñá*<sup>110</sup>

Silleda: *\*o/a silledense*

Sober: *soberés/soberesa*<sup>111</sup>

Sobrado dos Monxes: *sobradés/sobradesa*

Somozas, As: *somocés/somocesa - \*o/a somocense*

Soutomaior: *soutomaiorán/soutomaiorá - \*o/a soutomarioreense*<sup>112</sup>

Taboada: *taboadés/taboadesa*

Taboadela: *taboadelés/taboadeleza - \*o/a taboadelense*<sup>113</sup>

Teixeira, A: *teixeirés/teixeiresa*

Teo: *\*o/a teense*<sup>114</sup>

<sup>110</sup> Ignoramos a quen se lle ocorreu a forma *saviñádigo/saviñádiga* (que lembra o topónimo altoaragonés Sabiñánigo) pero é unha formación insólita cun sufixo inexistente que os propios lemeses (veciños de Lemos) descoñecen. É posible que Saviñao sexa en orixe un adxectivo SABINIANU, polo que é moito máis sinxelo facer do propio topónimo xa o xentilicio, como xa se fai popularmente.

<sup>111</sup> O de *soberino/soberina* supomos que é un xentilicio-eco de *monfortino, chantadino*, etc., unha enmascarada castelanización evitable.

<sup>112</sup> Para ben ser, sobre o étimo SALTU MAIORE debería ser *saltumaioreense*, e non *soutomaioreense*.

<sup>113</sup> O xentilicio culto sería *tabulatelense*, pero nunca *taboadelense*.

<sup>114</sup> Xentilicio pretendidamente culto creado pola prensa moi recente para este concello. Os da propia parroquia de Teo son popular e historicamente *carabuñeiros*, os de Lucí *piteiros*, os da Ramallosa (onde está o consistorio) *ramallosos*, os de Calo *caleados*, os de Cacheiras *queimados*, os de Luou *carroucheiros*, etc. Se o étimo de Teo é \*TENEO, algo que sospeitamos pero non sabemos con seguridade, o xentilicio debería ser *teneenses*, non *teenses*. Pero este é un caso (como Boiro, Cee, etc.) en que funciona mediatamente un híbrido

Toén: toenés/toenesa

---

Tomiño: tomiñés/tomiñesa

---

Toques: *toqués/toquesa* - \*o/a *toquense*

---

Tordoia: *tordoiés/tordoiesa* - \*o/a *tordoiense*

---

Touro: *tourés/touresa* - \*o/a *tourense*

---

Trasmirás: *trasmirao/trasmirá*<sup>115</sup>

---

Trazo: *tracés/tracesa* - \*o/a *tracense*

---

Triacastela: triacastelao/triacastelá

---

Tui: o/a tudense

---

Valadouro: valadourés/valadouresa

---

Valdoviño: valdoviñés/valdoviñesa

---

Valga: valgués/valguesa

---

Vedra: vedrés/vedresa

---

Veiga, A: veigués/veiguesa

---

Verea: *vereaio/verea* - \*o/a *vereense*

---

Verín: verinés/verinesa - o/a verinense

---

Viana do Bolo: vianés/vianesa - \*o/a *vianense*

---

Vicedo, O: vicedao/vicedá - \*o/a *vicedense*

---

Vigo: vigués/viguesa<sup>116</sup>

---

■  
de sufixo culto sobre topónimo popular.

<sup>115</sup> Esqueizamos o invento castelanizante de *trasmireño/trasmireña*.

<sup>116</sup> O xentilicio *olívico/a* para vigués fai referencia á oliveira que aparece no escudo

Vila de Cruces: carbiao/carbiá<sup>117</sup>

Vilaboa: vilaboés/vilaboesa

Vilagarcía da Arousa: vilagarcían/vilagarcía

Vilalba: vilalbés/vilalbesa - chairego/chairega

Vilamarín: vilamarinés/vilamarinesa

Vilamartín de Valdeorras: martinego/martinega - valdeorrés/  
valdeorresa

Vilanova da Arousa: vilanovés/vilanovesa

Vilar de Barrio: barriés/barriesa

Vilar de Santos: vilasantés, vilasantesa

Vilardevós: *vilarexo/vilarexa* - \*o/a *vilarense*<sup>118</sup>

Vilariño de Conso: vilariñés/vilariñesa

Vilarmaior: vilarmaiorés/vilarmaioresa

Vimianzo: vimiancés/vimiancesa - vimianceiro/vimianceira

de Vigo, pero fórmase cun sufixo inexplicable para xentilicios sobre unha base léxica da forma castelá, *olivo*, polo que é dobremente inaceptable en galego.

<sup>117</sup> Carbia era a antiga capital deste concello e *carbiao* era o seu xentilicio. Cando a capital pasou para As Cruces (Vila de Cruces) alguén inventou o xentilicio tan formalmente castelán de cruceño, inaceptable en galego. Propomos a forma histórica *carbiao* ou a creación de formas xentílicas como *crucés*, *crucense*, etc.

<sup>118</sup> Resultanos impactante o xentilicio deste topónimo que figura nalgúns manuais e sitios web: *vilardexense*, porque é imposible, non hai \*Vilardexo por ningures, hai Vilardevós. Neste tipo de topónimos compostos é posible formar xentilicio sobre un dos termos ou sobre o topónimo xa amalgamado. Neste caso coidamos que é posible formar *vilarexo* ou *vilarello* —como existen con outros topónimos Vilar—, e mesmo a forma culta *vilarense*, sobre o étimo VILLARE, pero nunca iso inexplicable de *vilardexense*.

Viveiro: viveirés/viveiresa - o/a vivariense<sup>119</sup>

---

Xermade: xermadés/xermadesa

---

Xinzo de Limia: limiao/limiá - limego/limega

---

Xove: xovego/xovega - o/a xovense

---

Xunqueira de Ambía: xunqueirao/xunqueirá

---

Xunqueira de Espadanedo: xunqueirao/xunqueirá

---

Zas: zaseiro/zaseira - \*o/a salense<sup>120</sup>

---

<sup>119</sup> Se o étimo é VIVARIU o xentilicio culto deberá ser *vivariense* e non *viveirens*.

<sup>120</sup> Circula pola prensa mesmo a forma disparatada *zaense*. Se o étimo é SALAS, o xentilicio culto será *salense*, e o pretensamente culto formado sobre o étimo actual sería *zasense*, e non *zaense*.



## Comarcas, terras e vales

Ancares, Os (val e serra): ancarés/ancaresa

---

Arousa, A (comarca): arousán/arousá

---

Barbanza, A (comarca): barbanzán/barbanzá

---

Barcala, A (comarca): barcalés/barcalesa

---

Bergantiños (comarca): bergantiñán/bergantiñá

---

Camba (comarca): cambote/cambota - cambés/cambesa<sup>121</sup>

---

Deza (val): dezao/dezá

---

Dubra (val): dubrés/dubresa

---

Fragoso (val): *fragosiño/fragosiña*

---

Frieiras, As (comarca): frieirés/frieiresa

---

Lemos (val): limés/limesa

---

Lérez (val): lerezán/lerezá

---

Limia (val): limego/limega - limiao/limiá

---

Mariña, A (comarca): mariñao/mariñá

---

Mariñas, As (comarca): mariñán/mariñá

---

Miño (val): miñoto/miñota

---

Miñor (val): *miñorano/miñorana - miñorán/miñorá*

---

<sup>121</sup> Este último de base histórica, pois moitos lugares onde foron instaladas poboacións procedentes deste val aínda se denominan hoxe *Cambeses*, tanto no sur de Galicia coma no norte de Portugal. Pero na actualidade o único xentilicio que funciona é *cambote/cambota*, xa desposuído dunha certa carga despectiva que tivo no pasado.

---

Montes (comarca): montés/montesa

---

Morrazo (comarca): morraceiro/morraceira<sup>122</sup> - o/a morracense

---

Pallares (comarca): pallarego/pallarega - pallarés/pallaresa

---

Paradanta (comarca): paradantés/paradantesa

---

Ribeiro, O (comarca): ribeirao/ribeirá

---

Salnés, O (comarca): salnésán/salnesá

---

Soneira (comarca): soneirán/soneirá

---

Terra Cha, A (comarca): chairego/chairega

---

Ulla (val): ullán-ullao/ullá

---

Umia (val): umián/umiá

---

Xallas (comarca): xalleiro/xalleira

---

<sup>122</sup> A forma *morraceiro/a* témola lido moi recentemente en artigos de opinión de escritores galegos no *Faro de Vigo*. Porén, toda a prensa, en castelán e en galego, continúa a empregar *morracense*. Supomos que *morraceiro* lle acae ben a este topónimo por analogía próxima con *cangueiro/a*.





Universida de Vigo